

1999, pp. 153-186

*Recuperar e construír.
Unha reflexión sobre a aplicación
dos documentos persoais
na historia social
da Galicia rural do século XX**

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
ÁREA DE Hª. CONTEMPORÁNEA, UNIV. DE VIGO

Introducción

Unha reputada xornalista afirmaba recentemente que *"la Historia suele servirnos para negarla ignorándola o para convertirla con alegría en pura leyenda"* (Caso, 1997). Isto moveunos a retomar o sempiterno debate arredor da obxectividade dos relatos historiográficos sobre o Pasado en relación ás fontes que se empregan, pero situándoo no caso concreto dos documentos persoais, porque moitas veces queda a dúbida razoable de si os documentos empregados para fundamentar un discurso historiográfico nos remiten a unha regularidade permanente ou representan só un acontecemento aillado, de xeito que estaríamos creando ficcións históricas sobre anécdotas intranscendentes do Pasado.

A historiografía social contemporánea aínda amosa reticencias mais ou menos fundamentadas para admitir o emprego sistemático de narrativas, fotografías e

* Este traballo é unha versión revisada do relatorio presentado en febreiro de 1998 no Seminario *Política e Sociedade* que coordinan os profesores X. G. Beramendi e X.M. Núñez Seixas no Dpto. de Historia Contemporánea e de América da Universidade de Santiago de Compostela e beneficiouse da participación do autor no Proxecto de pesquisa: "Asociacionismo, identidades colectivas e mobilización sociopolítica na emigración transoceánica. O caso galego en perspectiva comparada" (XUGA 21004B97) que dirixe X. M. Núñez Seixas. Queremos agradecer as suxerencias e as hipóteses de traballo que nos foron aportadas no decurso do debate e tamén as facilidades que nos ven dando D. Xosé Carlos Sierra para utilizar as transcripciones depositadas no Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia que el dirixe.

cartas familiares, ou diarios autobiográficos como fontes para reconstruír o Pasado. Julio Aróstegui por exemplo, engloba na suxerente categoría de *documentos persoais* a tódalas informacións que se poidan resgatar dos baúles familiares ou dos etéreos arquivos da memoria persoal e reclama con insistencia o “*necesario rigor en la recolección y acopio de los testimonios... para objetivizar la Historia Oral*” (Aróstegui, 1995, 378 e 380), depurando as [auto] censuras e subxectividade que relativizan a representatividade das informacións proporcionadas por estes documentos de tipo privado.¹

Os documentos persoais na historiografía actual

A utilización destes documentos e especialmente das memorias de vida ou narrativas autobiográficas é a característica mais sobranceira da Historia Oral, entendida como unha actividade historiográfica que comprende unhas determinadas técnicas e métodos de acceso ó pasado para elaborar discursos sobre temáticas específicas do tempo presente, superando a imposibilidade xeralizada na historiografía para construír os propios documentos². Estas “lembranzas e cousas de vellos” fornecidas pola experiencia vivida a nivel persoal dun xeito anónimo, constitúen xunto cos restos materiais (fotografías e cartas familiares, apeiros agrarios, construcións etnográficas, etc) o acervo mais rico e complexo da *tradición cultural* deste país de labregos. Aínda que son as mais das veces, as únicas testemuñas que nos quedan das formas de representar a realidade e de reproducirse socialmente nela que foron deseñando os campesiños galegos dende a Modernidade teñen sido sistemáticamente esquecidos pola Historia académica convencional, engaiolada no fetichismo do papel escrito.³

¹. Nótese que a propia caracterización dos documentos escritos como “convencionais” conleva o recoñecemento implícito do carácter heterodoxo das fontes persoais. Esta aura subversiva é tamén unha consecuencia inducida polo permanente discurso defensivo dos teóricos e practicantes da mal chamada Historia Oral. A reacción contra a suposta marxinação académica consiste na defensa a ultranza das técnicas e métodos para crear a fonte, pero sobre todo, das posibilidades que nos brinda a relación de negociación permanente que se establece entre o investigador e os entrevistados cos que se crea unha “*historia viva*”. Esta argumentación repítese na maioría dos estudos teóricos xa clásicos (Aceves, 1994; Berg, 1990; Dunaway, 1990; Folguera, 1994; Hammer e Wildavsky, 1990; Joutard, 1984; Pedro e Ramos Flores, 1995) e nós témola contrastado a nivel empírico noutro lugar (Jardón Pedras e Soutelo Vázquez, 1997).

². A interacción entre o que o narrador quere contar e o que o investigador pretende grabar sitúanos ante algo máis que unha ciencia auxiliar da historiografía como poden ser a Arqueoloxía ou a Demografía Histórica. Estas poden suscitar novos obxectos a historiar dende complexas técnicas de análise, pero son incapaces de crear unha nova documentación nin de establecer a ríca negociación permanente provocada pola interferencia do investigador na vida cotiá da persoa a que pretende converter en fonte no decurso da entrevista oral.

³. As excelentes investigacións que veñen realizando X. M. Pérez García (1996) e Pegerto Saavedra (1994 e 1995) sobre a vida cotiá na Galicia do Antigo Iéxime, demostran sobradamente que a cultura campesiña galega foi quen de preservar formas colectivas de xestión- no triple nivel de propiedade, usufructo e apropiación diferencial do traballo- capaces de tecer redes intanxibles de amizade e contraprestacións que se ofrecían pero tamén se agardaban por parte das outras familias veciñas dunha localidade. M^ª. José Pastor (1995, 31) ten demostrado tamén, que o método da narración autobiográfica permite contextualizar histórica e socialmente o material etnográfico que empregou o entrevistado ó tempo que transforma completamente o enfoque tradicional do proceso de construción da historia dun espazo social, elaborada agora a partir da narración directa dos seus habitantes.

A opción metodolóxica polos documentos persoais non deixa de ser sen embargo, un sucedáneo motivado pola falta de documentos escritos e limitábase por norma xeral, á grabación e transcripción dos recordos dun entrevistado que están provocados polas preguntas do investigador, para contrastar a posteriori ese material coa escasa documentación convencional que exista. Si descendemos ó eido dos estudos empíricos, podemos afirmar que emprego de fontes persoais segue confinado na [sub]categoría dunha simple técnica complementaria que adoita aplicarse en estudos de nivel micro a cabalo entre a Etno-Antropoloxía e as novas tendencias socioculturais da Historiografía Contemporánea e do tempo presente. Cuestión de partida que nos obriga a sinalar tres aspectos do problema.

O debate sobre a utilidade real da historia local sigue aberto porque a maioría dos estudos de nivel micro, non aportan ningunha novidade e só repiten, aínda que noutro locus de estudio, argumentos xa expostos, constituíndo unha simple reválida puntual, disciplinada e adialéctica de hipóteses previamente elaboradas. Nestes tempos de *retornos* irreflexivos e balcanizacións orgánicas dos espazos territoriais dos estudos de Historia debemos ter unha precaución especial ante a inflación subvencionada dos estudos e congresos de historia local para eludir as visións localistas do Pasado que a nivel científico non aportan nada e que só erguen barreras artificiais para a discusión crítica dos fenómenos sociais e dos resultados de investigacións feitas en perspectiva comparada que é o mellor método para acadar conclusións que poidan predicarse de espazos sociais mais amplios⁴. Pero existen tamén estudos empíricos que abranguen aspectos concretos en marcos espaciais e sociorrelacionais de corto radio (aldea, parroquia, bisbarra...) para repensar dun xeito crítico moitos dos axiomas que constitúen lugares comúns da historiografía sociocultural e política recente. E isto é en definitiva, a finalidade última dos novos enfoques teóricos e das metodoloxías interdisciplinares da microhistoria según propoñen Jesús De Juana (1993), S. Caunce (1994) e Gracia Cárcamo (1995) nas excelentes páxinas de reflexión que lle teñen dedicado a estes temas⁵. Pois ben, nós apostamos polas posibilidades heurísticas dunha reflexión interdisciplinar sobre o emprego dos documentos orais en estudos de ámbito local que sirvan de anónimos tixolo para recubrir paseniñamente os ocos existentes nas grandes estruturas teóricas, posibilitando visións de síntese mais acordes coas posibles variantes rexionais ou comarcais do agrarismo galego (Cabo Villaverde, 1998) ou das condicións de vida na Galicia da posguerra (Prada Rodríguez e Soutelo Vázquez, 1996).

⁴. O auxe desta literatura neopositivista está inducido polas relativas facilidades de publicación institucional para aqueles traballos que privilexian un enfoque localista e que no seu afán de resaltar o particular, as diferencias irreductibles, pode que fagan patria no sentido orgánico-historicista do término, pero dende logo, non fan Historia.

⁵. Coincidimos con Gracia Cárcamo e con Martínez Risco (1995) cando sulñan que a febleza da microhistoria é consecuencia da despreocupación metodolóxica e/ou ignorancia teórica de moitos dos que coidan practicala aproveitando a moda do *retorno do suxeito*, xeralmente mal comprendida e peor practicada porque se limita o cómodo e aproblemático relato da vida e obra dos eruditos e políticos locais. Trátase neste caso de simples "historias locais" pergueñadas por eruditos que non acadan siquera, o dudoso status de "neopositivista", pero que, eso sí, adoitan estar comodamente situados o abeiro dos pesebres do poder que financian becas flacas e publicacións de rebotica que case ninguén le. En palabras de Julián Casanova, "*sigue pesando demasiado una historiografía local erudita que transmite los hábitos más vulgares del Positivismo y que está inmunizada contra la enfermedad del método y de la teoría. Evita los grandes planteamientos con la excusa de que eso ya lo harán las síntesis y las historias nacionales y elige para sus estudios marcos forzados -ciudades, provincias o localidades- que le son sugeridos muchas veces desde la propia dirección de la investigación o impuestos por las convocatorias de becas promovidas por las diversas instituciones*" (Casanova, 1996, 72-73).

O segundo aspecto do problema remítenos á obsesión "cienticista" dos historiadores occidentais que impuxo o confinamento da tradición oral no guetto dos estudos etnoantropolóxicos sobre os pobos primitivos doutros continentes ou da cultura tradicional de sectores campeños que estaban condenados a desaparecer na voráxine industrialista e urbanizadora da contemporaneidade. Nos últimos vinte e cinco anos evolúíuse dende un discurso defensivo que chegaba ó extremo de glorificar a marxización das fontes orais pola historiografía académica convencional como a mellor garantía de creación dunha "historia alternativa" que por fin lle devolvía a voz ós vencidos⁶, á consolidación de dúas liñas que aplicaban esta metodoloxía en EE.UU, Francia, Italia, Latinoamérica ou Xapón. Unha estudiaba ás elites políticas e ós notables locais nunha perspectiva comparada coa socioloxía e coa ciencia política; a outra interesábase pola vida cotiá e pola "xentes sin historia" na mellor tradición da Antropoloxía Social que seduciu a moitos historiadores coa súa concepción global dos fenómenos culturais⁷, inspirando a perspectiva histórico culturalista derivada dos traballos de G. Lukacs, A. Gramsci e da Escola da Francfurt e mesmo da propia evolución dos Annales dende os anos sesenta.⁸

E finalmente, estaría a cuestión da representatividade da memoria persoal dun "paisano" con respecto á memoria histórica do país. E. Moradiellos afirma que toda narración historiográfica é unha creación identitaria cando define a memoria histórica como a percepción colectiva dende os condicionamentos do presente, dun Pasado que é finito por definición (Moradiellos, 1993: 101). Pero a memoria é unha forma de recordo consciente e responsable de situacións vividas a nivel individual ou colectivo e xa superadas que se reconstrúen para fornecer a identidade dun individuo, dun agregado social ou de todo un pobo, polo que a "observación escoitante" das persoas entrevistadas nos abre múltiples vías de acceso ós mecanismos de construción de identidade e de representación da realidade social vivenciados polos propios informantes, ó tempo que nos permite contrastar este

⁶. Conferíndolle un valor inmediato de verdade moralmente superior e politicamente militante fronte ó pasado oficial construído a medida dos sectores dominantes nos estados liberais segun ten sinalado Ph. Joutard (1996, 162).

⁷. Resultan encomiables os esforzos da Antropoloxía para explicar os fenómenos sociais en termos de totalidade interconectada, mentres outros se dedicaron a separar os aspectos económicos, sociais e culturais da realidade como si foran pacientes para diseccionar no hospital aséptico e superespecializado da Historia, esquecendo que o estudo da economía ten evidentes implicacións sociais, sobre todo en sociedades rurais nas que non existen relacións de carácter estritamente económico que funcionen con autonomía respecto das relacións microsociais a nivel local. Compre subliñar sen embargo, que os estudos antropolóxicos fallan na análise da desigualdade, da explotación, dos conflitos estruturais e do cambio social en perspectiva temporal. A nivel formal tenden á excesiva parquedade de citas e a formular conclusións dun xeito precipitado a partir dun só caso empírico. Sería moi recomendable que repetisen o proceso da "observación participante" 10 ou 15 anos despois para ver as transformacións no tempo tal como sinala K. Thomas (1989, 66).

⁸. O propio P. Nora lexitimou o emprego da memoria como obxecto historiográfico ó afirmar que "*su utilización estratégica puede ser fecunda para la renovación de la historiografía*" (Nora, 1988, 455-458). Para afondar nesta cuestión poden verse os traballos de Michel Vovelle, un dos primeiros "annalistes" que superou o optimismo estatístico para sinalar os límites da investigación seriada, denunciando que as fontes masivas levaran á escola francesa a crear modelos culturais preelaborados, falsificados na súa aparente continuidade que eliminaba toda discrepancia ou mutación brusca co que acababan infravalorando as expresións cualitativas de tensión ou conflito social (Vovelle, 1992, 342).

material coas imaxes arquetípicas do campesiñado e do mundo rural que suxacen nos documentos convencionais e nos textos dos literatos coetáneos.⁹

Nos escenarios locais da parroquia e do lugar, a memoria oral moldeouse como un arquivo das experiencias vividas e dos acontecementos que modificaron as condicións de supervivencia do grupo familiar e da comunidade veciñal na Galicia rural, porque as informacións e as interaccións que condicionaban a reprodución social dos grupos domésticos nesa sociedade maioritariamente iletrada ata datas ben recentes, tiñan un espazo privilexiado de expresión nas canles da oralidade¹⁰. Podemos afirmar xa que logo, que os *documentos persoais* constitúen representacións cualitativas dunha experiencia colectiva que reflicte unha percepción do mundo e que polo tanto, transcende do individuo á sociedade tal como teñen demostrado P. Bourdieu (1986, 69-72) e G. Rosenthal (1991, 105-110), permitíndonos recuperar a memoria subxectiva da vida cotiá dende novos temas con enfoques micro que tiñan sido abeirados pola historia académica convencional e sobre todo, artellar una imagen con rostro humano das reaccións da xente corrente ante os procesos de relativa modernización económica e de cambio social na Galicia rural contemporánea.¹¹

Esta historia cultural da sociedade feita con documentos cualitativos é unha "*ventá na cadea da longa duración*" (Serrano, 1996, 101-102) que nos permite acceder ó complexo mundo da cultura popular e das identidades colectivas porque vai á procura das fontes que reintroducen as tensións e as rupturas na caixa de ferramentas do historiador, descubríndonos a potencialidade heurística do particular, das vivencias persoais de calquera home do pobo que según o profesor Ek

⁹. Compartimos neste sentido, a desconfianza manifestada por Rafael Domínguez (1996: 18-20) con respecto á imaxe de pobreza e atraso das sociedades norteñas que elaboraron os eruditos coetáneos, por tratarse case sempre, de visións ideoloxizadas da realidade que fan 'ostentación da pobreza' para defenderse dun Estado maximizador de impostos e de soldados, ou que entroncan coa interesada concepción do campesiñado como salvagarda das tradicións esenciais dun mundo rural en disolución, tal como demostramos noutro lugar a propósito da cosmovisión galeguista da Galicia rural (Prada Rodríguez e Soutelo Vazquez, 1997).

¹⁰. Barreiro Fernández (1996, 52-53) ten demostrado que o secular predominio do rural e a inexistencia de grandes cidades na configuración espacio-habitacional deste país, fixeron de Galicia o escenario social idóneo para o estudo do local na súa variedade histórica e socio-antropolóxica. E que tanto a *aldea* como a *parroquia* constitúen unidades espaciais perfectamente integradas nas que a intensidade e funcionalidade das relacións sociais están garantidas por unha conformación multiseccular que fai do "local" un elemento orgánico de sociabilidade definido arredor da parroquia e da *bisbarra* como referentes identitarios, non esquezamos que estamos ante "*unha estrutura social, unha comunidade que se adscribe vitalmente a un espacio e que ten consciencia desa integración*".

¹¹. A fonte oral resulta moi interesante por exemplo, para estudar as claves da organización económica e da estratificación social no mundo rural en conxunturas de modernización: o control da propiedade dos medios de produción -fundamentalmente a terra e o gando- por agregados sociais ben definidos, e os réximes de xestión dos mesmos co desigual reparto deses recursos que determina a existencia ate datas ben recentes dun campesiñado maioritariamente insuficiente que viña sobrevivindo dende a Modernidade tal como demostran os estudos de Pérez García (1996, 313). Os traballos de Isidro Román (1997) sobre o concello de Lavadores na periferia de Vigo complementan coa memoria de vida dos seus entrevistados ás fontes convencionais, corrixindo por exemplo, os esquematismos e categorías demasiado reduccionistas dos censos de poboación. Pero tamén capta toda a complexidade das estratexias de reprodución social do campesiñado en contacto cun núcleo industrial en rápido crecemento: a pluriactividade combinando diversas variantes de agricultura a tempo parcial co traballo temporal nas fábricas e recurrido á complementariedade do traballo masculino e feminino, favoreceu unha particular simbiose e solidariedade cos obxectivos e tácticas do movemento obreiro vigués, construída sobre as experiencias compartidas e a convivencia cotiá (Bernárdez Sobreira et alii, 1997).

(1996, 77), configuran a acción humana na historia social dun país dende perspectivas e actividades non sempre contempladas na súa natureza poliédrica pola documentación convencional. No caso que nos ocupa, tratamos de realizar unha recollida sistemática de autobiografías construídas a partir das narrativas orais dos entrevistados na nosa zona de interés, para contar cun banco de datos que permitise realizar un estudio prosopográfico da vida cotiá, das formas de acción colectiva e do variado repertorio de estratexias de adaptación que deseñaron os grupos domésticos e as comunidades campesiñas na Galicia rural como resposta á consolidación do Estado liberal e duns mercados urbano-capitalista que os subordinaban na esfera da produción económica e que pretendían dominalos no espazo político da xestión pública. Isto pode realizarse dende a perspectiva multidisciplinar do xénero biográfico e autobiográfico porque constitúe o campo idóneo para analizar as interaccións entre o individuo e a sociedade, verificando o funcionamento efectivo das prácticas e regras sociais. As autobiografías orais ou escritas demostran a singularidade irreductible e a liberdade de elección consciente do individuo que sempre ten oportunidade para interpretar e manipular as regras de negociación e as limitacións (culturais, sociais ou económicas) que pretenda imporlle un sistema normativo (Levi, 1989; Veiga Alonso, 1996).

Algúns exemplos de aplicación da metodoloxía da F.O. para recuperar o pasado recente da Galicia rural contemporánea

Transformacións económicas e pluriactividade campesiña na Galicia rural

Si admitimos que as narrativas orais son especialmente axeitadas para acceder ás estratexias económicas concretas que desenvolven os grupos domésticos, e ós complexos procesos de formación das mentalidades e identidades colectivas dos grupos sociais marxinados do poder e tamén da documentación convencional, concluiremos necesariamente que a metodoloxía das fontes orais encaixa perfectamente co estudo das transformacións nas estruturas productivas e sociais da Galicia rural deste século. Vexamos empíricamente si esta hipótese se corresponde coa realidade.

Admítese que as oscilacións temporais da demanda de traballo familiar na explotación e sobre todo, a conxuntura do ciclo reproductivo do grupo doméstico, determinan a asunción dunha variada gama de estratexias pluriactivas polos labregos galegos. Sabemos tamén que a falla dunha mínima estabilidade e remuneración impuña o recurso a variadas formas de pluriactividade estacional, diferenciada por xénero e idade según Rafael Domínguez (1996). Pois ben, esto aparece regularmente nas entrevistas realizadas no Ribeiro e nos Chaos de Amoeiro:

"Carreiros eran os que tiñan os bois e bo capital porque ós bois hai que mantelos, o que non ten terra para manter unha parexa de bois non pode tela.

Eiquí en Sampaio, chegou a haber sesenta carreteiros e en Ventosela éranos case todos, porque antes non había outra maneira de sacar o viño... O carreteiro se cadra tiña dous ou tres fillos mozos que traballaban na casa ou iban co carro algún deles, de maneira que sempre había traballo para todos... Neste tempo andaban cos corredores a diario, porque viña moita xente o viño”¹².

*“Aquelo non era esclavo de andar ó sol pero eran moitas horas de traballo porque no muíño non se durmía en toda a noite, tiñas que estar collendo nos sacos e botando outros. Nunca podías ir a ningún lado e sempre andabas cheo do polvo da fariña... Eu nacera nos muíños -nos do meu papá- e el tamén e para que o vou decir, eu tíñalle cariño ós muíños aínda que son enredosos, pero a min íbaseme o tempo niles... Cando el iba cortar o pelo a Cea ou a Amoeiro os sábados e os domingos ou os días de feira, eu iba atender os muíños. Eu aínda fun dous anos desde que il xa non podía pero despois eu non podía xa cos caixóns... Naqueles tempos facíase moito porque había moito que moer, nesa habitación xuntábamnos unha pila de graú as veces e vendíamos o que sobrava do gasto da casa... Eu de solteira andaba de costureira, tería por eí catorce anos cando aprendín cunha irmá do A. Ó principio eu non gañaba nada, despois empezaron a darme 25 cts.... Despois ó casar eu xa pouco cosín porque a costura daba pouco daquela... Nós despois colléramoslle eiquí a tienda o tío B. e estaba eu na tienda”.*¹³

As condicións de vida para as capas mais humildes do campesiñado eran de extrema dureza dende a infancia ata o punto de que moitos rapaces “saían” de criados para alixeirar alomenos os gastos de manutención que tiña que soportar o núcleo familiar¹⁴. Isto explica a existencia dunha ética campesiña de subsistencia mais ou menos equiparable á famosa economía moral thompsoniana, que se reflicte na aseveración popular de que “*todo o mundo ten dereito á vida*” e aínda se pode rastrear na memoria oral:

“Si tu tiñas miseria, aínda tiñan mais os outros. As da Ponte Mandrás viñan por un cuartillo de leite e regalábasllo ou vendíasllo por cinco céntimos porque sabías que a ti che sobrava... Secábamos un canizo de castañas e facíamos unhos potes de caldo e cunhas castañas secas ou asadas, comías aquilo e era o que había... Solo traías carne de vaca cando era pola malla, facías unhas fontes de patatas con carne e se cadra despois de postre púñaslle requesón que o facíamos nós con leite... Como tíñamos muchísimas antenas de mel, puñan nunha

¹². Extraído da memoria de vida de Ricardo Gómez Freire, nacido en Sampaio de Ventosela en 1905, entrevistado en xaneiro de 1996 por Santiago Míguez Amil e polo autor.

¹³. Extraído da memoria de vida de María Rodríguez Conde de A Ponte-Mandrás (S. Cristovo de Cea, Ourense), pp. 1, 3 e 6-7 da transcripción.

¹⁴. Outro entrevistado que naceu en 1915 nunha familia de caseteiros co pai emigrado en Cuba e que foi de criado para Ourantes definía así a estratexia de supervivencia familiar: “*Despois foi cando morreu meu pai a miña nai quedou sola e miña irmá tería ó tempo catro ou cinco anos. Eu fun de criado cun que andaba nas feiras comprando vacas e becerros; anduven esí tirando deles por unha sogá e acarrexando marraus hasta a Peroxa por unha limosna dende que faltou meu pai para criarmos a miña irmá*”, extraído da memoria de vida de Ovidio G. R. de Costa de Monte (Amoeiro, Ourense), p. 1 da transcripción, o subliñado é noso.

barreña aquil requesón tomado, botábaselle o mel e a xente comía aquilo de postre... Os outros días veña castañas e papas ou caldo e patatas... Cantas veces viñan algúns que baixaban da misa e viñan comer as papas porque sabían que nosoutros tínhamos as vacas e como as papas eran con leite e fariña de millo".¹⁵

A historiografía mais recente ten apuntado o importante papel que xogaron os **ferreiros locais** como pioneiros no proceso de introducción das máquinas agrícolas (Fernández Prieto, 1992b; Gallego, 1993), xa fora como vendedores ou as mais das veces, arreglándoas e mellorándoas con modelos de fabricación propia. Este fenómeno aparece en múltiples testemuñas orais recollidas por toda a provincia:

"íl era un artista e pegáballe ós motores e todo. Fomos moitas veces eí á fábrica do papel de Lousado que non sei que pasara na turbina que producía elí a corrente eléctrica coa auga do río para os motores eléctricos que había alí e aínda daban tamén pro puebliño de Lousado e para Torguedo... E arreglaba motores das malladoras tamén; como daquela non había case soldadura cando lle rompían os engranaxes do cambio, íl desarmábaos, traíaos e enchufáballe unhos engranes novos a mau a base de serra e lima. Facíalle unhos encaixes axustados en cono para que non se soltaran, despoixa metíaos eí a presión e nin cunha soldadura... Despoixa no asunto de labranza fixemos moitos arados completos, porque como as fábricas que facían bisagras, vertedeiras e hostias desas quedaron arruinadas pola guerra non había repuestos, facíamos nós os eixes, as vertedeiras, a áncora e todo eso... E tamén fixemos rodicios pra muíños con cucharas e todo... Mais tarde cando eu xa non andaba con íl, fíxose cunhos motores de motos antigas e acoploullo a unha erguedora... Íl o que se lle metera na cabeza facíao: comprou un muíño alá embaixo co fin de producir íl a corrente; quería facer íl a turbina e o rodicio e acoplarlle un motor como fora para producir elí corrente".¹⁶

¹⁵. Extraído da memoria de vida de María R. M. de Cornoces (Amoeiro, Ourense), p. 4 da transcripción fonética. A mesma cosmovisión ética aparece no testemuño de Remedios L. F. cando lembraba a andaina profesional de seu home como ferreiro polas terras de Cea: "Tiña que ir arreglar as máquinas ás eiras para que puderan acabar de mallar... Andaba por moitos sitios, non tiña domingos nin días santos buscando clientela pero con eso foi vivindo e ganou moitos cartiños a poder do seu traballo e do seu sudor (sin estafar a ninguén nin roubar a nadie!"", p. 5 da transcripción fonética, o suliñado é noso. Resulta significativo tamén, que en todas as entrevistas aparece a escaseza e a monotonía da dieta alimenticia, cuberta polos produtos que proporcionaba a propia explotación logo de descontar os que se destinaban á comercialización mediante o célebre "rianxo" de produtos frescos que levaban as mulleres ós mercados urbanos: "Antes a vida era triste. Acórdame o tío "Iagarto" que a muller solo lle levaba bica de millo e verdura, patatas non as había... Nos íbamos co leite a Orense e vendíamolo polas casas... Non nos puxemos ricos pero fartámoslle a moitos a barriga e pra nós chegoulle ben... Botábamolle auga e despois cando viña o Roque tirábámolo para que non nos levase a comisaría... Tamén levábam repolos, figos, cereixas, moita vida. ¡Cantas veces fun cunha canasta chea de figos e vendíaos a cadela a ducia!... Aquiles tempos que non volvan. Había unhas bolas de pan bregado cunhos cornechos e nós toleabamos por unha bola daquelas pero aínda non facíamos pra peza do pan"", entrevista a Amelia González de Alongos (Toén, Ourense), pp. 13 e 14 da transcripción fonética.

¹⁶. Extraído das pp. 7 e 8 da transcripción fonética da entrevista realizada a Francisco Mosquera de S. Cristovo de Cea. En Celanova están rexistrados varios casos ferreiros que facían arados de ferro por imitación e que arreglaban malladoras, a primeira das cales pertencía ó cura de Orille (Castro Pérez, 1997).

A habilidade dos artesáns para adaptarse a neotecnia viña imposta pola demanda cualitativamente variada e cuantitativamente limitada dos mercados locais que obrigaba ós ferreiros como artesáns a tempo parcial que eran, a "saber facer" ou recompor unha ampla gama de trebellos que as familias labregas precisaban na vida cotiá e nas labouras do agro, ó tempo que transmitían xeneracionalmente o seu "saber" no seo do clan familiar e se adaptaban ás esixencias dos novos mercados¹⁷. Esta predisposición a adoptar as innovacións técnicas foi unha constante na actuación profesional dos ferreiros como pioneiros do novo instrumental agrícola no agro galego da primeira metade deste século. Eles eran o axente difusor ideal debido a que controlaban os mercados locais e contaban coa confianza dunha clientela que precisaba a cotío dos seus servizos para arreglar os arados e máquinas recén adquiridos. Atopamos de novo a outro ferreiro -o popular "Lebre" de Casarizas- como artífice da difusión das novas maquinarias nas terras de Vilamarín e A Peroxa:

"Eu mallei desde Barra de Miño toda esta cordillera hasta a costa do Faro... Vendín varias máquinas para Castro de Chantada e para esta ribeira... Pra Rouzós de Amoeiro tamén vendín algunha e outra pro zapateiro de Viña en Cea... Despois conseime de andar caquelas e fabriquei esta máquina, porque as outras non ventoaban o pan, mallábano pero non o ventoaban e eu alá cando me pareceu, collín e fabriquei esta que malla e ventoa e aínda traballei con ela un chisquiño de tempo, pouco... Eu era ferreiro, arreglaba arados e máquinas desas... Fun eu aprendendo de todo, pouco a pouco aprendín... Unhos arados arregleinos e outros fabricáronse naquela época que se traballaba co ganado".¹⁸

¹⁷. Remedios L. F., dona de Secundino Blanco (o célebre ferreiro de S. Mariño de Lamas en S. Cristobo de Cea) apuntaban sobre esta cuestión: "El xa naceu mamándoo porque xa o pai e o abuelo eran moi bos ferreiros e un tío que trouxera un libro de forxados de Lisboa ... El empezou traballando neso, hasta os trinta e cinco anos ou esi, facía as ferramentas do campo (machadas e machados, cuchillos, fouces e fouciñas, sachas), as cuchillas pros arados e ferraxes para carros facíaas il todas e para Santa Eugenia e por eí fixo moitos arados... Despois fora para Vigo e estubo alá traballando nun taller moi bo e despois iba a Escuela de Artes e Oficios de noite... Facía de todo e traballou moito facendo balcóns... Viña eiquí xente de Verín e de Ribadavia arreglar as máquinas de coser, pistolas e todo eso, porque tiña a exclusiva pra vender as máquinas Alfa nos aiuntamientos de Piñor e mais para Cea e podía vendelas como representante en toda Galicia... Nos anos sesenta daba cursos de bordado en Loeda e en Cea... Tamén viñan arreglar os motores das máquinas de mallar... Viñano buscar se cadra cando andaban mallando nos pueblos e se estropeaban as malladoras nas eiras..." , pp. 1, 5 e 7 da transcripción fonética. Francisco M. B. era sobriño daquel e experimentou persoalmente a simbiose da familia co oficio de ferreiro e o desexo de que este perdure nalgún home da mesma: "Foi unha familia moi experta na maquinaria, porque meu pai que era primo carnal xa traballaba neso e o pai del no asunto dos apeiros da labranza xa lles viña de descendencia dende os abuelos del... Cando eu salín da escola e andaba por eí, il díxome: 'Tes que vir praiquí aprender o oficio, porque ven sabes que esto ven de descendencia e ó morrer eu quedas tu con esto, porque levamos a mesma sona na nosa familia'", p. 5 da transcripción.

¹⁸. Extraído da memoria de vida de Manuel Fernández F. de A Peroxa (Ourense), entrevistado o 18 de nov. de 1995 por Milagros López Nóvoa e Raúl Soutelo, pp. 1, 2, 8 da transcripción fonética. Este personaxe era unha auténtica lenda vivinte en toda a comarca. O longo da súa vida exerceu de ferreiro, dentista, radiestesista e na súa forxa-taller innovou os apeiros e máquinas "para beneficiar os traballos da agricultura" según as súas propias palabras. Sendo rapazolo construíu un aparello co que conseguiu remontar ó vo antes de estrellarse, fazaña que se coñeceu na bisbarra e pola que foi entrevistado na TVG, inspirándolle a Chano Piñeiro o excéntrico personaxe de "o Caladiño" para a película *Sempre Xonxa*. Conserva aínda a malladora que el fabricou e outras pezas que demostran a capacidade inventiva deste anónimo Leonardo contemporáneo. Sobre esto dábanos máis informacións súa neta Conchita R. F. "Na fonte que nós temos no baixo da casa il empozaba a auga e fixolle unha turbina, entonces abríalle na hora da cena, a auga movíalle a turbina e nós tiñamos luz... Tiña catro acumuladores de cristal moi grandes, nos que mezclaba ácido sulfúrico e auga e co aire e caquil ácido nós tiñamos luz, cousa que non había aínda no resto do pueblo".

As narracións orais que temos recollido indican que estas terras do noroeste ourensán actuaban como ponte na difusión desta primeira maquinización na provincia, debido á facilidade para as relacións persoais e comerciais co eixe ferroviario de Monforte e coas chairas do Deza. Varias entrevistas realizadas na periferia noroccidental de Ourense (Francisco Gutiérrez de Bóveda, Lisardo Pérez de Rouzós, ou Germán Figueiredo de Longos en S. Cristovo de Cea) presentan dúas regularidades: as primeiras malladoras chegadas ós Chaos de Amoeiro proceden deses mercados de ocasión ós que antes aludíamos; e os arriscados emprendedores que mercan estas máquinas son emigrantes retornados en tódolos casos que temos analizado. Constantino Pérez, popularmente coñecido como "o zapatero de Viña" en S. Cristovo de Cea, historiábanos este asunto cunha sorprendente riqueza de detalles:

"A primeira máquina que veu praiquí traballaba a mau, dándolle manivela. Tróuxoa un de Lalín que casara eiquí, antes de compralas eu... Tiña dúas rodas grandes, cunhas manivelas e dábanlle catro homes, dous a cada lado. Xa funcionaba bastante ben e adiantábase moito. Logo, veu outro tipo delas que penso que aínda hai unha eí ó pasar as Lamas da Agoada, na casa grande da Curbeira que trouxeran unha que traballaba cos bois... Tiña unha especie de noria, os bois andaban a volta e tiraban dun cambón que por medio dunha catalina facía xirar o cilindro e xa mallaba case igual ca de motor... Eu fun despois ésa casa mallar caquela primeira malladora que eu trouxera que era a primeira malladora que veu praiquí, comprárala no ano trinta e oito a un mecánico que había ehi nas Casarizas, o "Lebre"... Despoixa vendina pra Xinzo e eu comprei outra máquina que tiña eiquí no pueblo de Vilamarín. Aquela vendina pra raia de Portugal e fomos alá con ela... Tiña un motor Lister que era inglés e aínda o teño nesa casopiña... O desa malladora do "Lebre" era o motor dunha lancha, fórao mercar eu a Vigo. O Lister tamén o comprara en Vigo... As novas viñan co seu motor, como as que empezou a fabricar a casa Ajuria que foi a que trouxo a innovación desas máquinas... Pero eu compraba os motores en Vigo porque me saía moito mais barato... A malladora despoixa comprábaa en Monforte, que había unha casa que se dedicaba a eso... Vendíaas xa usadas, traíanas doutras zonas, pero vendían mais ben as da casa Ajuria... As máquinas arreglábamas o ferreiro de Cea, houbo que cambiarlles os estriados dos cilindros porque se traballaba moito e xa estaban gastados. Como il non os sabía compensar non había forma de controlalas, veu o "Lebre" e compensoumas nun instante".¹⁹

O proceso de maquinización intensificouse ó longo da década do anos trinta estreitamente vencellado co asociacionismo campeño segundo ten demostrado

¹⁹. Extraído das conversas grabadas por X. C. Sierra e Raúl Soutelo con Constantino Pérez P. de Viña (S. Cristovo de Cea, Ourense) en outubro de 1995, pp. 1, 2, 3 e 5 da transcripción fonética. O noso informante emigrara a Cuba en 1916 e volveu en 1936. Aproveitaba o mesmo motor da malladora para facer traballar as rodas do muiño de río durante a época estival e como xenerador de electricidade nas festas populares.

Lourenzo Fernández (1991, 843) para o conxunto do país²⁰. O establecemento da firma comercial Maquinaria Agrícola Tomás Valente en 1926 na propia cidade de Ourense como concesionario de Ajuria para toda a provincia determinou un salto cualitativo no proceso de difusión das malladoras e arados de vertedeira na provincia nas décadas seguintes. A escasa documentación que Carlos Valente e Manuel Rodríguez Pérez poideron resgatar dos arquivos da empresa e sobre todo, a paciencia coa que rebuscaron nos arquivos da súa memoria, indícanos que a falla de carburantes na posguerra ralentizou o proceso e obrigou ós propietarios das malladoras a buscar combustibles substitutorios da preciosa gasolina:

*"Había unha restricción moi grande de gasolina na época da guerra, as máquinas de mallar tiveron que deixar de mallar aquel vrau porque non lles chegaba o cupo de gasolina que lles daban. Entonces él colleu un motor que está aí arriba e adaptouno para funcionar con carburo... Fíxolle un carburador e levaba o carburo nun caldeiro moi grande e él pudo mallar igual aquel vrau co carburo cando ninguén pudo facelo... Parouno a Guardia Civil por estar mallando cando ninguén podía facelo, pero tiveron que deixar porque era legal... Era unha persoa moi prudente no sentido de que él decía que a ignorancia é a nai de moitas cousas e non soportaba a xente ignorante... Cando él fixo a máquina de mallar foi porque a xente mallaba e logo ca erguedora tiñas que levantalo para limpalo. Entences púxose e fíxoaa... Foi un home que pensaba cando non se podía pensar".*²¹

A memoria oral resulta tamén moi fértil para coñecer a intrahistoria cotiá doutros "oficios" emblemáticos da Galicia rural. Ímonos deter no de **muíñeiro** que nos ofrece un exemplo da integración económica das poboacións co nicho agro-ecolóxico que habitaban, neste caso as chairas cerealeiras do Noroeste da provincia de Ourense. O consumo de cereais panificables –fundamentalmente millo e centeo– constituía a base do sustento familiar e xa que logo, tamén da economía doméstica do campesiñado galego. A existencia dunha demanda permanente fixo que se tecera unha mesta rede de muíños en tódolos ríos e regatos do país, converténdose a posesión e/ou xestión dun muíño nunha pluriactividade de grande rendemento ate a década dos setenta tal como demostramos noutro lugar (Soutelo Vázquez, 1995). Un labrego da comarca dos Chaos lembraba a este respecto:

²⁰. Francisco Santos de Bóveda (Amoeiro) lembraba a propósito da malladora coa que il traballou ate os anos cincuenta que: "*comprárona os da sociedade agraria por 4.000 pts. no 1932 e foi das primeirísimas que houbo por eiquí*"; e Germán Figueiredo de Longos (S. Cristovo de Cea) apuntaba neste mesmo sentido: "*eu nacin no ano trinta e dous e xa había moitos anos que a máquina estaba traballando... compráaa meu abuelo que estivera na Arxentina con outro socio*".

²¹. Esta información que nos ofrecía Conchita R. F. a propósito da andaina profesional de seu avó polas terras de A Peroxa, queda confirmada por Francisco G. S. de Bóveda (Amoeiro, Ourense) que recordaba outro exemplo de procura de carburantes alternativos: "*Inventaban a maneira de traballar e de funcionar porque ó tempo non había máquinas que mallaran porque non había gasolina, pero meu pai tiña porque tiña amistades e conseguiu sempre gasolina... E senón, mallábamos con augarrás ou con gas, o motor sénteo mais pero traballa tamén e tiña mais forza con augarrás ca con gasolina... Para encendela botábaselle gasolina no carburador e dende que encendía botábaselle augarrás ou gas e seguía mallando... O gas tamén estaba racionado, pero nós íbámolo conseguindo por estraperlo*", p. 5 da transcripción.

*"No Xen collíamos 900 fanegas de pan centeo que era do que comíamos nós e o gando todo o ano, un pouco trigo para as festas e 500 fanegas de millo porque tiñamos poucas naveiras con terra pesada... Gardábanse 200 fanegas para sementar o centeo e a ferraia no ano seguinte, vendíanse unhas 50 fanegas para Loureiro e para o mestre de Rouzós que lle cambiaba ó Cacharulo unha ola de viño por un saco de grau. A maioría íbamolo moer a Ponte-Mandrás, a Hermida e a Martinga; os que tiñan burro levábano nil e os demais mandaban ós rapaces cun saco na cabeza, a molida coma os bois, por aquelas corredeiras lamacentas... Os muiñeiros tiñan a moxega marcada e maquiaban unha libra por cada tega, os da Ponte Mandrás vivían dos muiños. Nos sesenta o muiñeiro do Pazo do Rego viña ó Xen cun carro dun macho e levaba il o grau e o millo, pero maquiaba dúas libras por tega. Érache o refrán de que "mudábamnos de muiñeiro pero non de ladrón"... No verán aproveitaban a pouca auga das chapacañas estreitando a buxa para que botase a auga coa mesma forza no rodicio, pero a fariña saía mais brava e toda ela parecía farelo".*²²

A dedicación pluriactiva dos muiñeiros permitíalles satisfacer as necesidades do consumo familiar e comercializar os excedentes en anos de boas colleitas. Isto convertíase en pura especulación nas conxunturas de escaseza e especialmente, durante a época de Fame da posguerra, tal como se deduce doutros traballos (Terren Lalana, 1997, 141–142) e do material empírico que nós temos recollido:

*"Meu sogro, que daquela tiña cinco fillas, non se vía moi sobranse si non fora polo muiño que herdara súa muller, iba pra alí, coidaba o muiño e cas maquiás foi sacando a familia pra adiante... Pero foi cambiando a vida e os muiños do río empezaron a non ser rentables pola competencia dos muiños eléctricos ou de martillos. Pecharon e agora están caendo".*²³

As actividades de comercio ambulante e mais ou menos ilegal como o célebre **"estraperlo"** da posguerra que temos estudado noutro lugar (Prada e Soutelo, 1996), constitúen outra forma de pluriactividade campesiña na que desempeña un rol destacado o elemento feminino, dentro do modelo de optimización da forza de traballo familiar por xénero e idade según o modelo teorizado por Domínguez Martín (1996). O seguinte fragmento explicita detalladamente os condicionantes desta pluriactividade familiar no comercio ambulante:

"Tiñamos cinco vellos na cama e entonces cumpría ganar cartos porque co que ganaba meu pai non chegaba para soste a casa... Meu pai andaba nas fei-

²². Extraído da entrevista a Benigno R. S. V. de O Xen (Vilamarín Ourense). Si creemos que moesen as 500 fanegas de centeo e 300 de millo, obterían 2.500 e 1.500 libras galegas polo cobro en especie do servizo, cantidade que lles permitiría asegurar o consumo familiar e comercializar un importante excedente.

²³. Entrevista a José Gómez Rey de Reádegos (Vilamarín, Ourense), p. 13 da transcripción. Merece a pena reproducir eiquí o que nos narra a este respecto, Manolo de A Ponte-Mandrás (S. Cristovo de Cea, Ourense): *"Cando meu sogro tiña o muiño, vendíalle o trigo e o centeo mudas as panadeiras de Cea, xa viñan arrieiros a buscarllo. Cando lle sobraba tempo de moer e coidar o muiño, mezclaba o millo das maquiás con centeo e facía il pan no forno que hay preto do muiño. vendíallo ós veciños e ós que viñan a moer ou comíano eles na casa... Eu aprendera con meu pai, nos muiños do pazo do Rego e cando casei coidéino unhas anos, pero deseguida viñeron as molineras eléctricas e chamáronme para traballar na de Maside".*

ras tamén e non podía ir a todos os sitios, os meus irmaus cumprían tamén para traballar e eles rozaban e traballaban duro na casa. Eu tamén cumpría pero quedaba a miña nai e a miña abuela que daquela aínda podía algo... Entonces foi cando me metín eu ó estraperlo... Antes deso xa anduvera unhos dous anos meu pai, porque il entreveraba as feiras co negocio do estraperlo; il por eso non deixaba as feiras e atendía ós dous negocios, había veces que se cadra viña da feira, collía a besta e marchaba sin dormir. E cantas veces dixo que viña pola carretera andando coas bestas polo ramal e il dormindo... Il era tratante de ganado e antes da guerra non tratara no grau nin nesas cousas, solo se meteu despoixa, porque nesa época cumpría todo e toda a xente andaba neso... En Cea pasouse moita fame porque a parroquia de Cea era moi pobre en terras, entonces os homes vivían da coza da muller, non traballaban nin había para onde salir para sitio ningún traballar e estaban metidos nos fornos!"²⁴.

A narrativas orais permiten avanzar a hipótese de que o comercio clandestino foi unha actividade permanente das familias labregas aínda que a súa época de máximo esplendor se dera co célebre "estraperlo" dos anos da Fame. Por exemplo, Felipe Castro comproba nunha cata na comarca de Celanova a regularidade e a importancia do tráfico ilegal de vacas con Portugal, ata o punto de provocar as protestas das organizacións agrarias en Ourense, ó tempo que participaban nel a sociedade agraria de Quintela e o propio cura de Leirado²⁵. Este obtiña ademais dun importante lucro material, uns interesantes dividendos relacionais porque se identificaba coa comunidade dos seus feligreses que non sancionan negativamente esta actividade comercial, a pesares da súa nidia prohibición formal pola lexislación oficial:

"Il vivía connosco e nos vivíamos con il... Dician que andaba no contrabando de gando... Pero tiñan xente que lle traía. Incluso había unhas mulleres nas Chedas, porque os das Chedas xuntábanse co gando cos de Portugal... E se algún iba a cárcel sacábo il logo"²⁶.

²⁴. Extraído da memoria de vida de Purificación Rodríguez; Álvarez (Castrelo de S. Cristovo de Cea, Ourense), pp. 4, 8 e 15 da transcripción fonética. Semella que a propia situación de fame da posguerra converteu a supervivencia en obxectivo prioritario, deixando sin razón de ser a lóxica puramente monetaria que se reducía ó tópico de traballar por un bocado de pan. A mesma entrevistada lembraba que: "*(Moitos xornaleiros viñannos hasta sin cobrar!. Aparecían na casa solo por comer, porque había fame... (A mañá cando nos levantabamos, había se cadra 12 personas a porta e non cobraba ningún, viñannos axudar!... E tamén necesitaban os cartos pero non querían cobrar porque viñan comer todo o día e eran veciños de meu pai, da parroquia de meu pai. Nós nunca tuvemos que chamar nin para segar o pan. Cando era para a escasca do millo, a unha noite aparecían se cadra 9 ou 10 personas para escascar o millo sin nos decir nada*", p. 9 da transcripción fonética, o subliñado é noso.

²⁵. Ó parecer, os tratantes-contrabandistas da raia seca desfacían os precios e ata o sistema de feiras co consentimento dos caciques locais, vexamos a seguinte nova: "*Por el puesto de carabineros de Jacebanes (Xacebáns, Quintela de Leirado), cerca de la raya de Portugal fueron apresados nueve cabezas de ganado el día 8 pasado*" ("El Contrabando de Ganado", *La Zarpa*, 13-10-1922). Noutro artigo denunciábase que "*Las ferias de este partido se encuentran desanimadísimas, como jamás se recuerda, a causa de no verificarse en ellas una sólo transacción... o son vendidos a bajo precio, debido a la baja del escudo... El pueblo conoce perfectamente a los infames negreros que negocian a costa de sus hermanos, favorecidos por la "combinación" de los famosos "vendis", expedidos por los alcaldes, que se valen de inscribir los ganados a nombre de cuatro felices inconscientes*", ("Desde Verín. El Contrabando de Ganado", *La Zarpa*. 14-11-1922").

²⁶. Extraído da entrevista a Manuel Villanueva (cit in Castro Pérez, 1997, 36). quen puntualizaba que: "*Eran igual cos tratantes de vacas que hay ahora. Os de Quintela traíanas eiqú e os de eiqú levábanas á Merca e pasábanas outro lado*", (cit in Castro Pérez, 1997, 20).

Outro tanto poderíamos decir do lucrativo comercio de wolfram que axudou a mitigar a fame de moitas familias labregas nos primeiros anos corenta. Unha muller do Ribeiro lembraba a propósito daquela época:

"Eu nacín en Sampaio e casei en Castrelo, elí fixémonos cun forno e traballamos, primeiro vendendo o pan polos pueblos adiante cun cestiño a cabeza, tarde e mañá para vivir no mundo, con moitos traballos... Despois compramos un burro e xa íbamos co burro polos pueblos adiante... E ó chegar a casa, cavar algo, poñer unha hortiña para ter unhas patatas e unhas cousiñas desas para comer, coidar dos rapaces, facer de comer e atender a tienda cando xa iba un canso de traballar... Había que amasar a mau hasta que compramos unha amasadora e como o forno era de leña, había que comprar a leña ou ir ó monte por ela... E tuvemos unha tienda que fun ganar os cartos a Portugal traballando no contrabando. Íbamos tres cuñadas ó estraperlo, eu forrei os cartos para poñer unha tienda e a outra tamén ganou para poñer unha taberna en Orense, naquela calle dos viños onda a catedral... Primeiro traíamos roupa e fío, pero despois a roupa xa pouco valía e traíamos café... Nós éramos nove irmaus (tres homes e seis mulleres), comíamos solo bica de pan millo. ¿Oíches?. O pan millo mezclado con trigo ou centeo, sabe moitísimo e sempre está fresco... os irmaus marcharon de novos prás Américas –a Cuba e a Buenos Aires– e viñeron si me descoído como foron... Casáronse e xa quedaron por eiquí ganando un xornalciño como podían, cavando a xornal para onde os chamaran... Eu tiña dous rapaces e que facíamos na casa sin ter que meter na boca? Fun ó mineral de wolfram de noite que decían que non se podía, íbase cunha sachola ou con un martillo, porque como caía mui menudiño si se cavara cun sacho perdíase... As veces descubríamos un filón e entónces, ó saber que salía elí iban todos... (Pagábano a 15 pesos o quilo e xa íbamos ricos!. Moitos ganaron para poñer un negocio de viños en Vigo ou si tiñan o gandiño a medias ganaron para polo de seu... ¡Hai antes, meu amigo, o que non andaba voaba!" .²⁷

Nas comarcas onde se desenvolveu unha especialización productiva de tipo vitivinícola, percíbese mellor a existencia dunha gama mais variada de "oficios" entendidos como pluriactividades temporais de tipo case sempre estacional coa excepción daquelas vencelladas á comercialización do produto final, neste caso os afamados caldos do Ribeiro. Unha viticultora octoxenaria lembraba esí o proceso de comercialización do viño no que interviñan múltiples oficios:

"Os corredores viñan cos carreteiros ou cos arrieiros que traían recuas de mulas, todas enganchadas e levaban o viño en pelexos, tardaban moito tempo en levar unha bodega de viño e agora veñen cun camiión e lévana toda nun viaxe... Os corredores axudaban a facer o trato do viño pero había que lle dar tres pesos en moio do que se axustase... Meu pai foi a Cuba moitas veces para pagar o que compramos... Era un carpinteiro de primera, estas cubas fíxoas

²⁷ Extraído da memoria de vida de María González Pérez (Sampaio de Ventosela, Ribadavia, Ourense), pp. 1-2, 4 e 6 da transcripción fonética.

*todas el e iba por eí arriba facendo cubas... Viñannos os cesteiros a casa, eran deí donda Mondariz e traballaban moi ben. Pagábamolles por día de traballo e dábaselle a comida... Os xornaleiros viñan da montaña para cavar sobre todo, cobraban en viño e traían sacos de millo. Pero tamén había xornaleiros eiqú na nosa terra porque moita xente iba unhos días a cava ou a poda... Despois viñan os estiladores e pagábaselle por pote, a familia dos Zorros da Pena eran todos estiladores".*²⁸

Dominadas polo xénero, explotadas pola clase: as condicións de vida da muller labrega na Galicia rural

As mulleres desempeñaron moitas actividades productivas no espazo da casa–explotación familiar dende que eran moi nenas e as súas oportunidades para “desertar do arado” eran inferiores ás dos varóns, limitándose por norma xeral, ó matrimonio. Unha das estratexias mais extendida neste sentido, consistía e “aprender a *costureira*” durante a pubertade para exercer de xeito ambulante polas casas ata que casaban. Nós coidábamos en principio, que “aprender o corte” podía funcionar tamén como unha estratexia familiar para dotar ás fillas de certa independencia económica, facilitándolles mellores condicións de acceso ó mercado matrimonial como posuidoras de habilidades moi útiles para a futura familia que ademais accedían ós domicilios de moitas familias con mozos caseiros no exercicio ambulante do seu oficio. As entrevistadas subliñaron sen embargo, que a consecuencia non desexada da súa “deserción” dos traballos da explotación familiar, iba parella ós escasos rendementos pecuniarios da costura. Con todo, semella que acadaban unha mínima autonomía pecuniaria ó tempo que se liberaban das penosas tarefas do agro:

*“Eu antes era *costureira*, aprendín cunha irmá do Abellás que casou eí e despois andaba a coser nas casas, tería por ahí catorce anos. Eu tiña que lle pagar ela, moito non era porque que iban cobrar daquela. Eu non ganaba nada, despois empezaron a darme vintecinco céntimos. ¡Mira tu, esí nas casas por me dar algo como era unha rapaza!. Anduven por ahí de *costureira* hasta que me casei. Dende que casei pouco salín, porque despois logo houbo familia e o ter familia xa non é nada; non traballei para fora, así para a familia, despois eu pouco cosín, a costura daba pouco daquela, non valía pena”.*²⁹

²⁸. Extraído da entrevista realizada por Manuel Villar, Santiago Míguez Amil e Raúl Soutelo a Rafaela de Ervedelo (Cenlle, Ourense), pp. 5, 15 e 21 da transcripción fonética, o subliñado é noso.

²⁹. Entrevista a María R. Conde de A Ponte-Mandrás (San Cristovo de Cea, Ourense), p. 3 da transcripción. Outra informante repetíanos a mesma regularidade: “Aprendín a *costureira* cunha muller que cosía moi ben, era do pueblo da Eirexe e andábamos polas portas, o mais que salíamos era pola Igrexa, polo Burguete, por Fondo de Vila, por Vilaboa e Fontao: Ela iba a Trasalba as veces, facer roupa de home; eu con ela alá non iba, eu cosía todo o ano e as casas mellores de Amoeiro tiñachas eu. ¡Podíache ter a casa dos Sotelo, pero como non era do noso partido, non me quixo meu pai!.. Ó tempo eu xa era mociña e levaba un vestido negro, como cosía levaba unhas cintas esí enrolladas e levaba dúas enaguas esí por baixo... ¡Eu érache unha boa *costureira*!. Fíxenlle unha sotana a un cura que non me acordo si tiña que ir a Vigo ou a Madrid, díxéronlle que eu cosía moi ben, entón un día chamoume. ¡Non lla facía nadie do mundo!. Levoume oito días a sotana, cobraba seis reas cada día. ¡Eu era das mellores que outras cobraban a pta. sabes!...”

As entrevistas realizadas ós homes explicitan a importancia da situación económica da familia e da "cultura operaria" da muller como factores que se tiñan moi en conta á hora do noivado, xa que o que se procuraba dun xeito prioritario, era unha socia cualificada para fundar e/ou xestionar unha explotación agrogandeira como obxectivo co que iría indisolublemente unido a reprodución social do agregado doméstico³⁰. Previase deste xeito, a resolución de situacións excepcionais como as provocadas pola incapacidade laboral dun home enfermo ou ausente, nas que a muller se convertía no único membro activo da familia, exercendo múltiples actividades que foron dende a costura a domicilio ata a emigración pasando de novo, polo estraperlo con Portugal tal como pode verse na primeira memoria de vida do anexo documental deste traballo.

Non queremos rematar este apartado sin suliñar que a represión feixista que encetou a longa noite de pedra naquel trágico verán de 1936, converteu ás mulleres en vítimas asequibles das venganzas persoais desatadas nos primeiros meses da Guerra Civil³¹, aínda que a memoria oral indica que a participación feminina nas protestas e movementos sociais da época apenas superara a esfera do puramente testemuñal.³²

Pero despois tuven que me botar a traballar eidos a medias, porque eu cosía moi ben pero non me chegaban os cartos... Os nenos trouxenos sempre moi limpos, moi ben remendadiños; un señor que estaba na vía co meu marido, decíalle: "¡Tu tes moi boa tapadeira que vas roto e ves sempre cosido!". Viñanche molladiños deiquí para abaixo, eu quedáballe secando os trapiños, coséndolle o pantalón e secándolle os zapaños pro outro día. Levantábase, acomodaba o gandíño. ¡Porque eu nunca quixen mungir as vacas... ¡Pero eu ós rapaces limpiños e ben cosidos trouxenos sempre! Pódeo decir o pueblo todo... A máquina compreina cando tiña trece anos. ¡Dixenlles que ma levasen cando morrese, que ma enterrasen onda min!. Co cariño que lle teño, levo toda a vida con ela", pp. 1, 3, 11, 21 e 22 da transcripción da memoria de vida de Generosa Caride Vázquez (Parada de Amoeiro, Ourense).

³⁰. Ovidio G. R. (Costa de Monte, Amoeiro) contábanos que "eu aínda fun para onda a Dolores de Santa Baia ben tempo, aínda está solteira... Non era mala persona pero era algo parada e non lle gustaba traballar... Eu fun un home que por eiquí non os houbo máis esclavos ca min nin máis traballadores... A miña Carme era moi boa muller e moi tal e cual para falar cos veciños ou para ir ó cementerio pero esí non se gana a vida e ela deixaba a casa caída", pp. 1 e 4 da transcripción, o subliñado é noso.

³¹. Obdulía A. G. de Afonsín (Amoeiro, Ourense), relatábanos en novembro de 1990 que daquela: "Fíxeron coser as mulleres na casa do cura que eu aínda cosín tamén pro exército. Fíxéronnos reunir a todas as que tiñamos máquinas e que sabían coser algo e a ir a coser á casa do cura... Eu como estaba enfrendada polo meu marido negueime a ir, amenazáronme muchísimo e despois finalmente por medio do cura mandáronme os calzoncillos á casa e tiña que facerllos na casa", p. 7 da transcripción fonética.

³². En xaneiro de 1991 conseguimos entrevistar na Estrada a Dolores G. R., coñecida en Amoeiro como "a Nelquen" pola súa presunta actividade social. Ela lembrábo dun xeito moi distinto: "As mulleres ó tempo non se metían en nada de nada, na casa e traballar o campo e era o único que facían as mulleres... As chavalas solo íbamos á manifestación porque era a única festa que había... Nós o que queríamos era bailar e non había outra cousa, non había un cine nin había unha música nin había nada de nada. Vivíase esí e aquilo éranos unha distracción... Eu cosía algo tamén pero traballabamos nas cousas de labranza claro, traballabamos todos... A Paca, estivera traballando de criada en Vigo, estaban alá moitas irmás e estiveran de niñeras e despois puxérase mala do pulmón e despois con estas cousas xa non soupen máis dela... Prendérona cando foi o asunto da guerra e despois desapareceu. (Paréceme que nin a familia sabe onde a mataron! ... Todo empezou polo traballo! Porque o único traballo que había era o ferrocarril que estaban facendo entón. Pero non había outro traballo máis ca ese ¡alí claro, entraban por amistad!... ¡Pois traballaban por amistad! O que tiña amigo, xa sabes como agora, o que ten padriño bautízase, e o que non ten padriño non se bautiza, por moito que a cousa vaia indo pra diante é así... Despois tuvéronnos a todas cosendo camisas pro exército. Había que ir non sei si era un día cada semana ou máis, tiñamos que ir a un sitio e unha tarde eu unha mañá ou un domingo, cando o cura nos mandara, non era eu eramos toda-las que sabíamos coser entón tiñan que ir elí e coser pro exército", pp. 1-2 e 7 da transcripción fonética.

A pegada real do agrarismo no campesiñado galego de anteguerra: relacións clientelares, organización e protesta social.

O agrarismo foi o movemento social máis importante da Galicia contemporánea tanto polo grao de institucionalización e duración temporal que acadou, como pola demostrada capacidade de mobilización popular e polas decisivas repercusións que tivo nos procesos de transformación económica e cambio na cultura política do campesiñado galego, porque o fenómeno de asociacionismo agrario é fundamentalmente, a expresión social e política das inqueданzas do campesiñado galego de anteguerra. Si lembramos que neste agregado social a transmisión de coñecementos e experiencias vitais se realiza preferentemente polas canles da oralidade e que non adoita deixar constancia escrita da súa visión da realidade social, concluiremos que as narracións orais poden enriquecer cualitativamente o noso coñecemento deste fenómeno social. Para estudialo contamos en xeral, cun repertorio bastante amplo e variado de fontes convencionais que reflicten a actividade das sociedades agrarias³³, aínda que sobredimensionando os acontecementos conflictuais que racharon a convivencia en relación ás relacións de sociabilidade e convivencia cotiá.³⁴

As memorias de vida permítenos definir mellor o escenario de interacción e o funcionamento concreto das redes microsociais, demostrando que as estruturas económicas, sociais e políticas interactúan dun xeito inseparable en tódolos aspectos da vida cotiá e que os intermediarios políticos sustentaban as súas redes clientelares nos recursos económicos e no capital relacional³⁵. Pero as informacións

³³. Que a nosa investigación empírica sobre o agrarismo en Ourense sexa unha excepción á aparente desavianza dos historiadores ruralistas polas fontes orais, débese unicamente á "desaparición" dos fondos documentais do Goberno Civil da provincia. Silvia Riesgo na súa investigación sobre Carballo (1997) emprega acertadamente as narrativas orais para descubrir a percepción mutua dos habitantes da vila e do rural circundante, creando unhas identidades que se reflexaban no espazo dos comportamentos sociais e políticos. A mesma metodoloxía permitíulle a Felipe Castro desmentir a afirmación de B. de Quirós e F. Rivera Pastor (1923: 36) sobre a inexistencia de sociedades agrarias no partido xudicial de Celanova, explicando o erro pola estrutura agraria baseada nunha produción intensiva de millo en microfundios dotados cun complexo sistema de regadío comunitario, que se traducía na despreocupación das sociedades agrarias locais pola loita contra os foros que apenas tiñan incidencia na terra de Curros e Celso Emilio.

³⁴. Miguel Cabo e Antonio Bernárdez conclúen en dous traballos empíricos sobre o asociacionismo agrario no antigo concello de Enfesta (ó N.-L. de Santiago) e sobre a Cooperativa de Produtores de Laiño (Dodro, A Coruña), que as fontes orais resultan especialmente interesantes para historiar o proceso de expansión do agrarismo nos ámbitos non "estrela" que se incorporan serodidamente ó proceso asociativo e que carecen de prensa local -alicerce básico das monografías sobre este tema-, e para coñecer a interacción entre agrarismo e poder local. A prensa agraria reflicte as posicións dos grupos mesocráticos que aspiran a dirixir o movemento agrarista e a oriental política, pero non nos da a coñecer as inqueданzas dos labregos que integran a base social das diferentes organizacións agrarias. Neste eido, a memoria oral corrixe o excesivo entusiasmo inducido sobre todo pola prensa local, que nos leva a identificar mecanicamente aparición de formas modernas -ou proactivas na terminoloxía de Ch. Tilly- de autoorganización campesiña cunha fonda transformación da cultura política no agro galego. No caso da investigación de A. Bernárdez e M. Cabo (1997) no concello de Enfesta, tódolos informantes confirmaron un baixo grao de conflictividade durante os anos republicanos, malia a progresiva radicalización dos antagonismos a escala estatal. As relacións entre o sindicato católico agrario e a sociedade esquerdizante que tiñan a súa sede en Sabugueira viñan marcadas pola ausencia de conflictividade malia a súa oposta adscripción ideolóxica, chegando incluso a colaborar na vacinación conxunta do gando dos seus asociados.

³⁵. Resulta paradigmático o caso de Varela de Limia, prohomo do socialcatolicismo compostelán que potenciou a difusión de innovacións técnicas a través dos sindicatos pero sobre todo, exhortando directamente ós seus caseiros para que adoptasen os novos trebellos agrícolas, (Bernárdez e Cabo, 1997).

orais tamén resultan moi útiles para poder elaborar un marco da extracción socio-profesional de actores locais dos que as mais das veces temos poucas ou nengunha referencia, na documentación escrita. Aínda que nestes casos, o ideal sería poder contrastar estas informacións coas fontes tradicionalmente empregadas nos estudos sobre o agrarismo. Vexamos a xeito de exemplo, tres cadros elaborados a partir dos nosos propios estudos de campo nos Chaos de Amoeiro e da cata que realizou Felipe Castro nas terras de Celanova:

Membros da Xunta de Defensa Anticaciquil: Celanova

Cadro 1

Membro	Pobo ou parroquia	Profesión	Emigrara	Formación e adscripción política
Remigio íegente	Leirado	Comerciante	Non	Xefe de Falanxe
Benigno Forneiro	Leirado	Tratante	Non	JAP
José Glez Vasalo	Leirado	Campesiño; secretario do concello no Directorio	Non	JAP
Carlos Veloso	Quintela	Mestre de Quintela	Non	Falanxista
Severino Fdez.	Quintela	Comerciante	Non	Agrario Socialista
Santiago Lima	Leirado	Estanquero	Arxentina	Requeté carlista
Gonzalo Mosquera	Leirado	Carpintero e prestamista	Cuba	
Teodoro Senra	Leirado	Xuíz co Directorio	Non	JAP.
José Lorenzo	Quintela	Tratante	Arxentina	Agrario
Juan Estevez	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	JAP
Domingo Estevez	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	JAP
Blas Estevez	Forxán-Leirado	Canteiro	Cuba	JAP

Fonte: Elaboración propia a partir das lembranzas de Dolores T., Elvira P. e Eladio F. en Castro Pérez (1997).

Nota: Tódolos que acabaron militando a posteriori nas JAP estaban guiados politicamente polo cura-párroco de Leirado.

Organizadores locais de sociedades agrarias en Celanova

Cadro 2

Nome	Pobo-Parroquia	Profesión	Emigrante	Evolución política	Represión	Cargo
Severino Fdez	Quintela	Comerciante	Arxentina	Agrario-socialista	Fuxe a Arxentina	Presidente
Etelvino Touriñan	Lavandeira Leirado,	Labrego	Arxentina	Agrario-socialista	Fuxe a Arxentina	Vicepresid.
José Alvarez	Fondons, Leirado	Labrego	Arxentina e Cuba	Agrario-socialista	Non	Vocal
Daniel Bouzas	Lavanderra, Leirado	Zapateiro	Estados Unidos	Concellal do PRR dende 1931	Non	Tesoreiro
Eulogio Platero	Quintela	Tratante	Arxentina	Agrario-socialista	Non	
Teodoro ??	Quintela	Labrego	Arxentina	Agrario-socialista	Non	
Rafael ??	Quintela	Mestre de Moreiras	Non	Falanxista	Non	
Antonio Domínguez	Leirado	Labrego albañil	Madrid	Agrario-socialista	Fusilado	

Fonte: Elaboración propia cos recordos de D.T., E.P. e E.F. recollidos en Castro Pérez (1997).

Líderes agrarios locais na periferia noroccidental de Ourense

Cadro 3

Nome	Parroquia e concello	Dedicación profesional	Experiencia migratoria	Axencia social
Castor Sanchez Martínez	Parada de Amoeiro	Canteiro	Asturias, Francia Ourense	Militante socialista, lider agrario e alcalde de Amoeiro na II República
Agustín Iivera Suarez	Trasalba de Amoeiro	Labrego e albañil	Cuba (4 veces)	Militante republicano, teniente alcalde e concellal dende 1931.
Modesto Santos Pulido	Bóveda de Amoeiro	Labrego e sastre	Cuba	Presidente da sociedade agraria parroquial e concellal dende 1931
Juán A. Dopazo	Bóveda de Amoeiro	Fontanero	Uruguay y Ourense	Propagandista agrario de filiación comunista libertaria.
Antonio Otero Sarmiento	Rouzós de Amoeiro	Labrador tratante e carpinteiro	Cuba	Concejal republicano dende 1931 encargado de contratar traballadores para construír as estradas locais
José e Manuel Guzmán Santeiro	Reádegos de Vilamarín	Industriais madeiros	Cuba	Organizadores da Sociedade Agraria e de Oficios Varios "La justicia" de Vilamarín
Francisco Pérez "Pancho"	Reádegos de Vilamarín	Labrego, mestre comerciante e carnicero.	Cuba	Organizador da sociedade agraria de Reádegos, mestre na escola financiada polos emigrantes. Cacique bugallista
Ramón Varela	Cambeo de Coles	Labrego	Cuba	Fundador da Sociedade Agraria de Coles (1906) e directivo da Sociedade "Progreso de Coles" que financia a agraria e unha escola para 100 nenos.

Fonte: elabora propia a partires da prensa agraria e actas dos concellos de Amoeiro e Vilamarín, complementadas pola memoria oral de J.B. Sanchez y Agustín Ribera (+) de Amoeiro y Ramón Pulido de Vilamarín.

Na Galicia rural de anteguerra existían unha serie de actores que dispuñan dun amplo repertorio de recursos relacionais –traducidos nunha óptima situación nas redes microsociais, para converterse en intermediario político ou simplemente, en xestor de recursos productivos ou políticos alleos. Entre eles destacan os curas, mestres e dun xeito moi especial, os secretarios municipais:

*“O cura é un cura e o maestro é un maestro e sígueno sendo... Daquela había un enfrentamento cos curas porque iles eran do partido rico e iban contra o comunismo... Os maestros eran bos maestros. O Joaquín Suárez tamén o destituíron, estaba o Anxias que o destituíron... A maioría dos maestros tiñan algunha política coma o Rafael Alonso que era maestro en Amoeiro e secretario da Sociedade Agraria de Cambeo, que este claudiárono... daba mitíns co meu tío Modesto e co Juan Antonio que eran os da agraria... Cos cartos dos emigrantes mercamos unha casaña por 400 pts. pra agraria... Iramos 80 socios, pagábamos un real ó mes e boicoteábam ós esquiros nas mallas e nises traballos... Meu tío Modesto era o presidente, era xastre pero fora a Cuba no 1916 e voltou no 1919 con moitos libros... Daba mitíns con ise maestro de Amoeiro que logo claudiaron e co Juan Antonio que volvera do Uruguay, era anarcosindicalista e traballaba de fontaneiro en Ourense... despois pasouse ós republicanos e paseáronlle á muller”.*³⁶

“Era moi boa persona... Pero debía dominar á mitad do pueblo ou máis como era o secretario... Facíanlle todos os traballos do millo de balde, sin lle cobrar un duro. E igual ós de arriba, da Pousa. Íbanlle facer os traballos pola cara porque un era xuez, outro secretario”.

Este testemuño recollido por Felipe Castro (1997: 34) demóstranos como se enxergan as contraprestacións económicas e políticas nas redes microsociais baseadas no clientelismo político en sociedades rurais. O material empírico que temos analizado confirma que a petición de favores ós intermediarios poderosos para promocionar ás personas ou defendelas ante a Xustiza era unha realidade social perfectamente asumida e moralizada na lóxica do sistema cultural campesiño, que asumía a contrapartida de renovarlle mediante o voto a súa confianza o *political midlemen* que demostrara a súa capacidade na protección e xestión dos recursos políticos e sociais confiados pola comunidade (Veiga Alonso, 1997). Isto permitíu que, a pesar da relativa modernización dos comportamentos sociais e políticos no conflictivo lustro republicano, non se rachase a continuidade no poder económico e social a nivel local. As vellas elites locais se-

³⁶. Extraído da entrevista realizada polo autor a Nicolás Santos de Bóveda (Amoeiro) en 1991. Daniel de Louredo (Graices, A Peroxa), agrarista e membro do comité local do PSOE ofrecíanos a faciana contraria da actuación destas elites: “As sociedades agrarias fixéranse cando foi o boicot pola redención de rendas á Casa de Lâncara... Un ano a xiada non deixara nada e pediúselo o perdón da renda aquí ano; non o quixo facer e declaráronlle o boicot... Debeu ser no 1921. A D. Bernardino Vega, o mestre de Graices, que era o apoderado da Casa de Lâncara, queimáronlle o boi na casa, plantáronlle lume á herba e non lle deixaron sementar nada nin recoller o fruto ós esquiros que viñan de Vilarubin...”, o subliñado é noso. O protagonismo político do mestre como animador do asociacionismo labrego aparece tamén nos estudos de Antonio Bernárdez e Miguel Cabo (1997) que rexistran a actuación de Eliseo Pinto, o mestre socialista da parroquia de Nemenzo, que redactou os regulamentos de varias asociacións e defendía ós labregos ante os desafíos das autoridades locais que lle pasaron factura no verán de 1936.

guían intermediando a comunicación entre a sociedade rural e o Estado, adaptándose tendencialmente ós cambios no poder central e mantendo poderosos instrumentos de coerción que lle permitiron a postre, recuperar o control municipal que perderan na primeira dictadura e preservar o seu status e espazos autónomos de poder. Velaiquí outro exemplo da dimensión coercitiva mais cruda deses instrumentos de poder:

"O cura tiña moitos cartos e prestáballos á xente delí si por exemplo querías comprar unha finca e si tiñas con que responder ibas onda él, si non tiñas con que responder nada... E il deixábachos cobrando os seus intereses e as súas cousas, pero solucionábache ese problema. Era boa persona porque solucionáballe moitas cousas así á xente... Os domingos ó salir da misa a xente esperaba a que salise o cura e pedíallos... Os curas ó tempo cobraban por todo e non gastaban nada... E como ós curas todo o mundo lle iba traballar sin cobrar nada, entonces claro, él quedáballe todo libre e aínda vendía viño".³⁷

Fronte ó enfoque formalista e excesivamente centrado nos aspectos políticos e conflictivos da actuación das sociedades agrarias (un mitin, a resistencia ó pago de foros, as consecuencias dun boicot, etc) que nos ofrecen as fontes arquivísticas e hemerográficas, as narracións orais bríndannos outro enfoque daquelas organizacións como entidades "totais", que influían en practicamente tódalas actividades económicas e político-sociais da vida da parroquia e das familias labregas³⁸. Miguel Cabo (1997: 8 e nota 8) ten demostrado que as actuacións políticas aínda que moi espectaculares, eran o que menos lle interesaba ós membros de a pe, e en moitas ocasións, desencadeaban o rápido fracaso dunha sociedade agraria cando as bases percibían a natureza dos intereses concretos dos organizadores. A narración dun agrarista de Irixo que recolleemos no segundo anexo apunta neste sentido. Os testemuños orais dos coetáneos demostran un claro divorcio entre un alto grao de ideoloxización do núcleo dirixente das agrarias, mesmo a nivel local, e a masa social que participa na procura de incentivos de alcance inmediato ós que antes nos referíamos, factor que contribde a explicar a inestabilidade das organizacións agrarias e o relativo fracaso de tódolos intentos de unificación do movemento. A narración dun viticultor coetáneo da mítica sociedade agraria de Sampaio de Ventosela no corazón do Ribeiro, que reproducimos no anexo 3, indica tamén que a versión ofical do agrarismo transmitida pola prensa sobredimensiona a incidencia real das accións de protesta, nas que el participaba polo seu carácter veciñal. O mesmo entrevistado insiste no protagonismo dos campesiños emigrados que entraron en contacto coas formas de acción colectiva e coas ideoloxías de protesta das clases populares urbanas. Estes retornados organizan ou controlan as sociedades agrarias e impoñen a ruptura do sistema de lealdades tra-

³⁷. Entrevista a Dolores G. R. (Fondo de Vila, Parada de Amoeiro, Ourense), pp. 8 e 9 da transcripción fonética.

³⁸. Mercas colectivas, mutualismo gandeiro, divulgación de innovacións e mediación cos técnicos oficiais, protestas polos arbitrios, vixiancia da conducta dos mestres, denuncia de deficiencias en camiños ou fontes, creación de tribunais de arbitraje, protección de bens comunais, construción de camiños e cemiterios, etc. eran os incentivos principais para a participación das camadas labregas nas organizacións do movemento agrario.

dicionais da comunidade campesiña con respecto ós notables locais, desafiándo-os abertamente e recorrendo a un variado repertorio de formas de protesta para resistir ás exaccións do poder local ou para coaccionar ós indecisos. Entre estas destaca o uso instrumental da *violencia*³⁹ ou a deslexitimación social do veciño que actúa como un *free-rider* porque non se identifica nin participa na acción colectiva da comunidade. O repertorio de respostas colectivas vai dende a retirada do saúdo e a exclusión do sistema de entreaxudas e lealdades comunitarias que levaba implícita a deslexitimación moral do destinatario, ata o enfrontamento aberto con boicots ós propietarios rentistas no decurso dos cales se recurría á destrución de bens materiais (Velasco Souto, 1995; Hervés Sayar et alii, 1997):

“Recordo que elí no meu pueblo, en Outeiro, éramos dous os que íbamos a sociedade esa e había un fulano que ríase de nos:” (Bueno, eí van prá sociedade!”... E despois o carallo, a “sociedad” foi a que puxo esto en liberdade, ¿Sabes?. Que despois había outra cousa mais: o que non era socio facíano ser a forza... E si non quería boicoteábano. Non lle facían nada e il tiña que valerse por si solo, non lle axudaban a nada. Anque lle ardera a casa ou lle afogaran as vacas non lle axudaban a nada e entonces tiña que virse”.⁴⁰

As lembranzas dos militantes e simpatizantes das organizacións agrarios demostra a simbiose entre as modernas formas de organización “proactiva” –mais ou menos copiadas do mundo obreiro e adaptadas ó novo escenario de estruturas políticas deseñado pola Lei de Asociacións de 1886, a de Sufraxio Universal masculino de 1890 e a Lei de Sindicatos Agrícolas e Cooperativas de 1906–, coas tradicionais estratexias “reactivas” de resistencia campesiña na Galicia decimonónica. Estas conxugaban o baixo risco do anonimato coa alta efectividade á hora de disuadir ó cacique que pretendía sobrecargar á comunidade cun reparto extraordinario de consumos ou de forzar unha negociación co propietario reticente a redimir os seus foros:

³⁹. Resulta cando menos evidente que a violencia formaba parte da racionalidade e do sistema de valores da sociedade rural e que o agrarismo institucionalizou o emprego da violencia con fins políticos, desenvolvendo un amplo abano de agresións e coaccións (boicots, ameazas e deslexitimacións morais, destrución de bens, etc). Pero non se trata da violencia cega que se desatou coa represión fascista no verán de 1936 senón que esta se aplica dun xeito ritualizado cando se entende que o seu uso é lexítimo porque se insire nuns límites precisos e canalizado en beneficio da comunidade tal como demostrou Irene Vaquinhos (1993, 53) para o Norte de Portugal. A violencia é unha dimensión antropolóxica complexa e omnipresente na evolución histórica das sociedades humanas, como unha forma de relación social para a resolución non pautada de conflitos en calquera conformación particular das sociedades. Desaxustes que Aróstegui (1994: 19; 1996: 12-13, 16 e 25) entende como violencia social, concluíndo que todo proceso de vertebración ou reprodución social conleva actos de violencia instrumentados no eterno conflito entre gobernantes e gobernados (ós que lle reserva a categoría de violencia política), pero sinala que o Estado moderno regula as pautas de uso da violencia, criando un orde novo nas relacións sociais determinadas polo dobre control da autoridade pública do Estado que monopoliza os instrumentos de violencia legal e do mercado a través da liberdade nos contratos de traballo (Cardesin, 1995; Domínguez Martín, 1996). A sociedade agraria de Tintores, por exemplo, queimalle unha palleira a Celedonio R.D. porque se negara a secundar a folga de vendimiadores declarada nas terras de Verín (Ourense) e tocan as campás da igrexa para comunicarllo ós veciños (*La Región*, 25 de setembro de 1922), medida que se reserva nas parroquias galegas para os casos de emerxencia ou perigo inminente.

⁴⁰. Extraído da entrevista con José Conde, canteiro e labrego de Costa de Monte (Amoeiro, Ourense), p. 5 da transcripción.

*"Había 13 sociedades agrarias, unha en cada parroquia. Fixéranse cando fora o boicot pola redención de rentas á Casa de Láncara, un ano que a xiada non deixara nada e pedíuselle o perdón da renda aquil ano; non o quixo facer e declaráronlle o boicot, debeu ser no 1921. A don Bernardino Vega, o maestro de Graices, que era o apoderado da Casa de Láncara, queimáronlle o boi na casa, plantáronlle lume a herba e non lle deixaron sementar nada nin coller o froito cos esquiros que lle viñan de Vilarrubín."*⁴¹

A resistencia ó pago das rentas forais supuña xa de por si unha actitude revolucionaria que violaba as normas de comportamento económico institucionalizadas e que desafiaba abertamente á hexemonía social dos propietarios que fornecían a elite local encastelada na representación do Estado Liberal. A figura do **retornado** como lider local do agrarismo repítese por toda a provincia: introducindo novas variedades de milo híbrido en Celanova nas mesmas datas en que Cruz Gallastegui tentaba difundilo dende as institucións agronómicas da época⁴², participando na política local para optimizar o potencial da masa de manioobra das bases agrarias, ou controlando as redes microsociais con ramificacións nos destinos migratorios⁴³. A acción dos retornados detéctase con especial incidencia no concello de Vilamarín que se converteu nun escenario privilexiado de iniciativas educativas e asociativas fomentadas e financiadas polas sociedades de emigrantes *Alianza de Vilamarín* na Habana e *Hijos de Vilamarín* e *Unión de Vilamarín* en Bos Aires. Mentras, os retornados integrábanse na elite local ou dirixindo ás organizacións agrarias que desafiaban a aquela. O seguinte fragmento preséntanos unha imaxe do caciquismo marcada pola aceptación e case admiración do cacique, ben diferente do modelo conflictual que nos ofrece a historiografía convencional sobre o clientelismo político:

⁴¹. Extraído da memoria de vida de Daniel de Louredo (A Peroxa, Ourense). Tódolos entrevistados lexitiman estas accións violentas como resposta á insolidariedade do rendista nun ano de malas colleitas construíndo así unha imaxe típica da "economía moral" thompsoniana (1989). Vexamos o testemuño de J. B. Sánchez de Parada de Amoeiro (Ourense): "*A xente estaba analfabeta de todo polo caciquismo do Miranda pero foi boicoteado na redención de rentas e foros polas sociedades agrarias porque veu unha helada e levou o viño todo na parroquia pero il cobroulles as rentas igual e tiveron que comprar o viño para pagarllo ó señorito. ¡O pueblo viase afogado!*" , p. 15 da transcripción, o subliñado é noso. Domínguez Castro (1992, 98) insiste sen embargo, en que a acción colectiva das organizacións agrarias nunca chegou a constituir un problema para o Estado ata que o abolicionismo se converteu nunha alternativa real a comezos dos anos vinte. Son maxistrais tamén as páxinas de difusión que Ramón Villares (1982) ten escrito sobre este tema.

⁴². Felipe Castro (1997, 21) recollía o seguinte testemuño de Dolores Touriñán: "*Traían maíz de Argentina. Híbrido, me parece que lle chamaban que sería parecido o que hoxe compran os sindicatos que ven en bolsa... Ese rubio que produce máis nós chamábamolle maíz argentino*".

⁴³. Tódolos organizadores das sociedades campesiñas locais dos que Castro Pérez ten noticia eran emigrantes retornados de Arxentina -menos un mestre- e pertencían a rede microsocia de Severino Fernández. Auténtico brooker local que retornou enriquecido en 1922 e optou pola vía agraria para consolidar a súa hexemonía política e social na parroquia de Quintela de Leirado. Os entrevistados coinciden en que Severino Fernández desexaba acadar poder político e prestixio social consonte ó seu ascenso económico. Na súa parroquia controlaba as redes de emigración e inserción sociolaboral en Bos Aires, arrendaba gando e terras, exercía de prestamista para os que emigraban –quedándose coas terras hipotecadas como garantía das débedas non pagadas–, e no seu comercio "*prestaba as cousas da tienda e despois se facía coas herdades*" (Castro Pérez, 1997, 34).

“Francisco Pérez era o que estaba eiquí de maestro, era un individuo tan listo que nos deu clases a moitos sin ser mestre nin nada nesta casiña que había eiquí desde que volveu de Cuba. Directamente no aiuntamiento non estivo nunca, nunca foi alcalde nin nada, pero era un home que tiña moitos ascendentes e moitas amizades en Orense. Estuvera en Cuba moito tempo e sendo un paisano sencillo incluso había deputados que viñan eiquí a súa casa. El non estaba no cargo pero era raro que estivera alguén desempeñando algún cargo que él non o manexara. Despois tuvo unha filla maestra, ós fillos crióunos en plan de ricos; tuvera outro que era o que estaba antes de meu irmau de escribiente no aiuntamiento... Primeiro foi un dos que organizaron eiquí a sociedade agraria e despois estaba totalmente en contra porque había outros, coma o Manuel do Pilo e algunhos máis que tiñan a capacidade que podía ter il. Nesta casa que agora está remozada había unha casiña que era da Sociedade de Agricultores e Oficios Varios e eiquí había reunións. Eu era moi novo pero estiven nalgunha por ver aquela cousa nova... Estaba de presidente ise Manuel Guzmán Santeiro que tiña a fábrica de madeira, era un home cunhas ideas moi boas porque recordo que en canto había algún pleito destes que había sempre nos pobos, era o mediador que sempre chamaba á xente para arregalos e incluso facía o arreglo tal e como quedaba despois na sentencía. Fora a Cuba de moi novo, con dezasete anos porque tiña un irmau en Cuba moi rico que esa foi a maneira de poñer a fábrica con outros tres que tamén estiveran en Cuba... A maior parte dos que foron deiquí para Cuba viñeron con outra cultura que non levaban ó marcharen, porque ó parecer había unha sociedade á que iban a clases a maioría dos que podían. ¡O sea que os instruíron un pouco!. Iste Manuel por exemplo, era un home que estaba preparado, de ideas de esquerdas”.⁴⁴

Os documentos persoais tamén resultan moi interesantes para estudar ás consecuencias microsociais da emigración de retorno a América, porque neste ámbito podemos optimizar a información dos arquivos familiares que conteñen vellas fotografías e sobre todo, a **correspondencia familiar**. Constitúen un documento vivo creado polos propios emigrantes e riquísimo tanto polo seu propio contido como pola capacidade potencial para evocar os recordos de emisores e receptores. Sen embargo, apenas teñen sido explotadas pola historiografía dos movementos migratorios quizais debido a relativa dificultade para atopar coleccións de importancia. As cartas familiares informan sobre múltiples detalles das relacións internas e das estratexias reproductivas do grupo doméstico, especial-

⁴⁴. Entrevista con Ramón Pulido de Vilamarín (Ourense), p. 7 da transcripción, o subliñado é noso. A axencia social de “Pancho de Reádegos” é cando menos curiosa: emigrara a Cuba con catorce anos e regresou no 1909, encetando unha proveitosa acción social como organizador de agrarias parroquiais en Vilamarín e Coles; resultou elixido concelleiro agrario-liberal polo Art. 29 e acudiu como representante municipal á III Asamblea Agraria de Monforte; exerceu de secretario da sociedade agraria ate 1917 e mestre da escola de Reádegos sostida dende 1906 co diñeiro das organizacións dos emigrantes; representa ó Comité Agrario Provincial nas festas das escolas agrarias da bisbarra e na fundación da Federación Provincial Agraria que integra a 50 sociedades e sindicatos representando a mais de mil labregos. Logo pásase ós conservadores, controlando as institucións locais ate 1930, pese a célebre folga agraria de 1923.

mente sobre a inversión das remesas económicas, as formas de vida e as causas da propia emigración. Pero ó empregalas debemos ter sempre presente que a correspondencia privada tende a idealizar a realidade sociolaboral do inmigrante para tranquilizar ás súas familias (Sanz González, 1989: 116–117; Cagiao Vila, 1997: 54). Vexamos tres exemplos extraídos da correspondencia entre Cayetano Borrajo, emigrado en México e logo a Cuba fuxindo da revolución zapatista, e seu pai Francisco que seguía xestionando unha casa de labranza en O Reguengo (Amoeiro, Ourense), entre os anos 1908 e 1940:

“Ayer llegamos a La Habana y tuvimos que ir a Triscornias en la cual estuvimos dos días y los guardias ni siquiera nos dejaban ir al excusado vestidos que teníamos que ir desnudos y descalzos... Nos bañábamos todos los días con agua del mar... Al principio me mareé bastante... los 8 días primeros no comí nada... Estoy muy mal a gusto por no traer ropa bastante que por lo que dice el tío aquí un traje por menos de 50 duros no se compra... si es que viene alguno para esta me los mandan... El tío hace todo lo que puede para colocarme pero esto está bastante malo... recuerdos a mis queridos hnos. y hnas. y que no lleven mucho trabajo, a Pepe y a todos los de su casa, Aquilino que estudie bien...”, (La Habana 21–7–1908).

“Si no fuera por el servicio y si mis papeles estuvieran al corriente abandonaba todo el negocio y nos poníamos en camino para esa. papá si Vd. viera que tristeza es estar tan lejos de ellos y no poder siquiera ir a verlos... No se si habría algún motivo para que tuvieran que casarse, pero si le diré que si no lo había hizo Vd. muy mal en dejarla casar hasta después de que el muchacho regresara del servicio, fíjese Vd. que ahora vaya a Melilla y que por desgracia le toque una bala, como queda mi pobre hermana... Me escribió C. de la tía A. que está en la Habana y me dice que nos vayamos para allá porque México está muy mal con tres años que lleva de revoluciones y es muy fácil que el 26 de este mes me vaya para junto a ellos... haber si los negocios están mejor que aquí... si están mejor y el clima me sienta bien, regreso a México, vendo las carnicerías y nos vamos para Cuba... Si mi cuñado Emilio va al servicio, haber si pueden arreglar para que se quede de asistente en Orense... dígame todo lo que pase pues yo quedo muy intranquilo por la suerte de mi pobre hermana...”, (Carnicería y Tocinería La Orensana, México, 22–11–1913).

“Hace tiempo que estoy peleando con A. para traerlo para esta y adjunto le mando una carta que recibí de el en la que me dice que está dispuesto a venir... de salud está muy bien, ahora de dinero está como yo, nosotros no nacimos para hacer dinero... hoy mismo le giré el pasaje para que se embarque para aquí... Este año pienso pasarme con Vd. la fiesta de los Remedios... Desde ahora le digo que no llevamos dinero alguno... yo voy y quiero llevarlo a el para complacerlo a V. y que no me diga mas que si estoy esperando a que se muera para ir a recoger la herencia... Yo no estoy en condiciones de gastarme un céntimo que lo necesito para la marcha de mi negocio, hoy mismo le hice un giro de cien duros para que se embarque para esta en el primer vapor y me gasto lo que haga falta para llevarlo a esa y complacerlo a V...”, (Gran Fábrica de Tabacos el Batey, La Habana, 1–4–1930).

Fotografía e Historia ou o futuro prometedor dunha relación recente

A historia académica desprezou tradicionalmente a existencia do fenómeno fotográfico, aínda que recorreu ó emprego desas imaxes como mera ilustración dos textos que producía, sin realizar un esforzo para integralas como unha mais entre as fontes non textuais que contribúen ó noso coñecemento histórico (Riego, 1996, 91 e 111). Os mais recentes enfoques da Semioloxía e da Historia do Arte fixéronnos ver que a imaxe fotográfica tamén pode proporcionarnos datos sobre a realidade social que aínda non teñen sido utilizados xa que a aparición da fotografía converteu a imaxe nun fenómeno social masivo e mudou radicalmente a propia natureza daquela (Arcas Cubero, 1996, 25 e 27). A fotografía é un mais entre os moitos modos convencionais de representar a realidade. Deste carácter de representación despréndese a necesidade de investigar a intencionalidade do emisor e as convencións estilísticas que operan nas mensaxes visuais transmitidas polas sociedades do pasado no sentido que ten apuntado A. Ramirez (1981, 158).⁴⁵

A imaxe fotográfica constitúe un poderoso fetiche evocador e mesmo estruturador da memoria, susceptible de ser empregado como fonte historiográfica. A fotografía actúa como un "flash-back", reflectindo un momento determinado e irrepetible, o que lle permite ó informante reconstruír "estructuradamente" os feitos vividos, dotándoos de historicidade. A experiencia de campo demóstranos que a fotografía posuía un valor substitutorio dos membros do grupo doméstico que estaban emigrados, funcionando como icono para manter viva a súa memoria, tal como se perciben no seguinte fragmento da conversa con outra entrevistada:

"Como teño moitos fillos funllas dando e téñenas iles. Mire, istes somos nos: o meu marido e o neno que estaba con nos en Cuba; estes son os fillos máis vellos, era polo tempo da guerra, mandeilles o traxe, sacaron fotos e mandáronnos unha a nos alá, entoncos nos sacamos a ampliación alá cons estes dous e o pequeno que tínhamos con nos... Este era un primo meu que estaba en

⁴⁵ Ana María De Sousa (1990) define a fotografía como unha mensaxe codificada de signos que se proxecta a través do tempo ofrecéndonos a pegada cultural dunha época, de xeito que materializa a lembranza da experiencia vivida polos seus protagonistas. Pero é tamén o resultado cultural pretendidamente obxectivo, dunha estratexia social de produción de signos, que actúa como eficiente medio de control dos comportamentos e representacións dos colectivos que antagonizan a dinámica social. Alén diso, ó fixar imaxes no espacio e no tempo, a imaxe fotográfica dun espacio vivido, artella unha narrativa e unha linguaxe específica que nos comunica significados (comportamentos, valores, desexos e sentimentos producidos e reproducidos), establecendo unha relación de substitución coa realidade. Isto permítenos contrastala coa imaxe escrita, coa memoria oral e coas fontes materiais para descubrir as formas de sociabilidade (pactual e conflictual) e de reprodución social nas familias labregas galegas deste século. Destaca en primeiro lugar, a oposición rural/urbano, escolléndose un ou outro espacio en virtude do tipo de fotografía e da funcionalidade que se pretende conferirille. Tomemos como exemplo, a imaxe dos escolares en Vilamarín a comezos de século e dos seus conveciños emigrados na Habana que ofrecemos no anexo, onde contrasta a representación artificialmente bucólica do rural na que priman a simplicidade e a indolencia coa imaxe de progreso económico e social no medio urbano, asociada ós valores de luxo, riqueza e confort típicamente burgueses. A pequena historia do achádego destas fotografías ábrenos outra función para a metodoloxía da fonte oral: explorar a existencia doutros *documentos persoais* nos arquivos familiares dos entrevistados, neste caso os amigos Ramón Pulido da Ría de Vilamarín e José Gómez Rey de Reádegos (Vilamarín) que nos puxeron en contacto con D. José Blanco, "herdeiro" dun libriño de seu avó que estivo en Cuba e que resultou ser a Memoria de actividades da Sociedad de Instrucción Alianza de Vilamarín na Habana.

*Cuba... Era moi corrente mandalas de Cuba praca porque un vai cambiando, os nenos van para mozos Este é meu fillo Pepe cando estaba en Francia e este é meu marido cando estaba no servicio cun compañeiro... Está é en Chantada, nos chamábase "de dentro" éstas buenas e "de fora" ás que son mais ruins, cando queríamos facer unha foto boa para conservala ou para mandala fora, facíamola dentro".*⁴⁶

Conclusiones

Coidamos que este percorrido demostrou que aínda non está normalizado o curso sistemático á documentación de orixe persoal para completar ou contrastar a información convencional nos estudos de temática social e particularmente sobre o cambio político e a acción colectiva no mundo rural contemporáneo a pesar de que os teñan empregado investigadores de recoñecido prestixio (Cardesín, 1992; Bernárdez Sobreira e Cabo Villaverde, 1997). Apuntouse a necesidade de reflexionar sobre os límites e as posibilidades desta documentación, pero para facelo, resulta imprescindible garantir primeiro a súa conservación remitindo as "nosas" entrevistas e as correspondentes transcripcións ás institucións preparadas para recibilas, salvagardalas e ofrecerllas ós outros investigadores.

Tamén resultou evidente que os documentos persoais non son ningunha panacea, senón que presentan unha serie de eivas e riscos que constitúen a faciana escura da fonte oral e que nos obrigan a utilizalos con especial prudencia. Entre estas merece destacarse: a existencia de contradicións sobre datos concretos entre varios entrevistados e ata no decurso dunha mesma entrevista; a imprecisión cronolóxica debido a que os informantes organizan o tempo polos feitos trascendentais da súa vida (infancia, ir ó servizo militar ou a guerra civil, matrimonio, saír de caseiros, emigrar...) e a que a shock da guerra civil desencadeou unha especie de amnesia colectiva que a moitos lle impide lembrar feitos anteriores ó verán do trinta e seis.⁴⁷

Estas notas sobre as posibilidades empíricas da documentación oral, indícanos a urxencia de realizar investigacións a nivel micro que conecten os diferentes ámbitos de coñecemento das chamadas Ciencias Sociais, porque cada vez que arañamos na tona posmoderna dos imaxinarios e comportamentos colectivos da Galicia actual, aflora *un país de labregos* que loitaron durante moitas xeracións

⁴⁶. Extraído das pp. 69 e 70 da transcripción da entrevista con Gumersinda Varela. Téñase presente tamén que ó nivel de traballo empírico, cando unha persoa nos ensina as fotografías antigas da súa familia, está compartindo con nos os recordos materiais dunha experiencia vivida da que xa nos fixo copartícipes narrándonos a súa vida. Este punto certifica xa que logo, o éxito na construción dunha relación de confianza mutua entre o investigador que está a integralo na cultura letrada e o informante que adoita percibila como superior. Bótanse en falta por exemplo, estudos empíricos que contraponan a información das revistas ilustradas coas crónicas dos viaxeiros e coa memoria dos habitantes que interactuaron nos escenarios sociais representados, analizando eses espazos e os axentes que producen a imaxe. E por eso mesmo resulta inaplazable recuperar coleccións fotográficas de particulares nas que rastrexar a existencia de imaxinarios fotográficos oficiais que ocultan e tentan borrar a imaxe real aportada pola documentación escrita e oral.

⁴⁷. E influíu tamén na caracterización a posteriori da maioría dos activistas de esquerda como "comunistas" ou na autocensura que colaborou coa represión institucionalizada polo sistema franquista na posguerra.

para que os seus fillos poidéramos acceder á Cultura oficial que se imparte nas universidades. É hora xa de que lles demostremos a utilidade social de tantos esforzos superando a obsesión por reproducir dun xeito militante o discurso de excluídos e vencidos no sentido apuntado por Ph. Joutard (1996, 166–167) para historizar a memoria da súa experiencia cotiá porque en definitiva, *“a Historia é uma invenção para a cual a realidade fornece os elementos”* (Enzensberger, 1987, 15). Porque nunca estaremos moi seguros de que non malgastaremos o noso tempo e esforzos en reinventar un Pasado de difícil acceso a non ser polas ficcións historiográficas construídas a partir dos escasos restos que as xeracións anterigas souberon salvagardar.

Anexos

1.– Un caso de pluriactividade feminina nos Chaos de Amoeiro durante os anos da Fame:

“Eramos oito irmaos, eu era a máis vellas e os outros sete irmaos despois de min, e cando foi a guerra pasamos as de Caín, non fame, porque a nosa casa era unha das mellores do pueblo, de fartura de centeno e maíz para cocer pan que nunca pasamos fame de pan... A nosa casa era unha casa fuerte, pero de moito traballar, meus irmaos traballaban moito, sempre traballando no campo... A mamá daba a luz e logo iba pro campo e eu criaba eses nenos, facía de comer, limpiaba a casa, lavaba, planchaba, facía todo, pero no campo anduven pouco... Meu marido estubo traballando na vía, nese túnel de San Fiz despois da guerra... E estaba delgadoíño, moi delicadiño, nunca foi gordo, e por dúas veces quitárono desmaiado do túnel... Buscáronlle un traballo en Barcelona e marchou él pralá que estaba moi ben colocado naqueles tempos e paraba cunhos amigos. Eu quedaba en estado de catro ou cinco meses eiquí coa miña nai... Cando xa tiña o neno catro meses fun para Barcelona, el xa tiña un pisiño e eu tiña unha máquina e cosía saharianas para unha fábrica que llas vendía ós militares e ganaba tanto coma él... Ós nove meses caeume il enfermo do pulmón, tuberculoso. Volvín co neno nos brazos e co marido case morrendo. Non tiña pra onde ir e viñen pra casa dos meus pais... Os meus irmaos estaban todos na casa, estuven oito anos con iles e co meu marido enfermo... A penicilina pra poñerlle a él había que ir buscala a Portugal que aquí non a había... O papá vendía castiñeiros, vendía carballos e piñeiros pra me dar, porque cando vendía o viño e os becerros facía unha cantidade de prata pero íbase gastando... Entonces veu meu sogro que era buenísimo, unha bendita persona e a min queríaime muchísimo e dixo “Bueno, a carga ten que ir a plazos, ahora levo eu pralá o fillo”... Pero había unha cuñada na casa que era así apretada, era irmá do meu marido, casada e tiña unha nena... Puxéronnos nunha casiña moi velliña que solo tiña a porta e unha ventana... O neno xa tiña sete anos e enfermoume do pulmón tamén... Fun onda o señor abade porque os meus sogros non me daban plata e díxome: “Ai si, si filla!. Non te preocupes, que che presto o que queiras, pero tráeme ó teu pai de fianza”... Entonces había tres ou catro señoras que empezaban a andar traficando con azúcar, arroz, aceite e fariña de estraperlo, vendían a tasa que lle daban cada mes ós da vía... Eu empecei andando co estraperlo pola necesidade; empecei a comprar fariña pero non tiñamos

en que levala e había que traela á cabeza.. Aquelo, foi horroroso, desde Parada a Santa Cruz cos sacos na cabeza para coller o Castromil que iba pra Vigo, porque nós íbamos vendela a Cañiza, ou a Vigo cando non quedábamos en Ribadavia que elí vendíamos moito porque hai moitas tiendas e como non había que comer, compraban todo de estraperlo... Unha vez colléronnos os gardiñas portugueses... Eu escapei polos montes abaixo coas nalgas todas sangrado porque si nos collían, quitábannos todo... Entonces unha veciña miña dalá da Poboanza marchou pra Venezuela, entrou de cociñeira na casa dunha señora buenisima e díxolle: "Mire, yo tengo una amiga allá que sabe mucho de enfermería y para cuidar a su hija" porque tiña unha filla retrasada mental que era mala como una perra... Eu arreglei os papeles e fun pralá, estuven tres anos e despois víñenme outra vez, pero volvíase acabar a prata e volví pralá", (extraído da memoria de vida de Isolina F. V. de Parada de Amoeiro, Ourense).

2.- Os diferentes incentivos para a mobilización campesiña no núcleo e nas bases das organizacións agrarias do Irixo según un militante de Parada de Labiote:

"Eiqué a primeira sociedade que houbo foi unha Sociedade Agraria que estaba rexentada por un tal José de Gabián que voltara de América... Trouxo arados de ferro e empezou a promover o asunto da agricultura metendo a xente en cousas modernas praquil tempo... Hasta protestaban contra o consumo, que era un imposto que había daquela... A xente dos pobos de Nogueiroa e deiquí de Parada que pertencían á sociedade de agricultores que il fundara... Alzáronse en que non pagaban o imposto do consumo e veu un piquete da Garda Civil e botaron eiqué unhos días no pobo de Parada respaldando ó recaudador do consumo... Albergábanse na casa dun que era máis inclinado ós caciques, un tal José Andrés López Suárez que era dos Cristobos de Dadín, un pobo elí cerca do Irixo. Logo había tamén os de doña Manuela, que eran as dúas casas grandes de Dadín e máis do Irixo... Eran mauristas e gobernaban case sempre iles. Eran ós que lles chamaban caciques os xefes daquil tempo... Por certo iste cacique de Dadín tuvera en Ourense un café, era don Hermesindo Pérez, o cacique dos Cristobo... Era un canteiro bo, chamábase José Diéguez Cerdeira, era dunha familia bastante acaudalada eiqué na aldea... Fundara a sociedade agraria por interés persoal na política, vamos, de botar ós que estaban pra porse il... E fixeran un mítin, xuntáranse e viñeran unhos de Ourense a falar e nesas cousas il gastaba moitos cartos e sacaba cartos a réditos que lle prestaban os acaudalados... Empezou a empeñar a casa cos gastos que tiña na política... Tería eu 12 ou 15 anos cando era eso. Logo máis tarde, xa cando eu entrei ó servizo, voltaron a organizar outra vez a sociedade co mesmo nome de "Sociedade de Agricultores do Irixo", outros aspirantes á política tamén, que pro meu coñecemento todas estas entidades eran promovidas polo interés persoal, pra lucrarse os que a fundaran, xuntar votos e crear un ambiente de ir contra a política que había pra iles millorala... Organizaron esa sociedade agraria no Irixo pras eleccións a concellais. Apoiábaos Basilio Álvarez que veu facéndolle propaganda a Lerroux e cando viña en Nogueiroa caeu do cabalo e dixo: "Parece que foi unha inspiración de Deus que caese do cabalo pra iluminarme que nestes sitios fai falta unha carretera". Había partidarios de dous bandos e unhos foron pra votar, pero os do outro bando fixeron unha pelexa, romperon a furna no cole-

xio electoral... Nesa había un que se chamaba Manuel de Mexide que tamén viñeira de América e outro irmau chamado Claudio que era mestre e tamén andaba na política. Despois fixéronse eles co concello de Irixe e o Manuel foi alcalde... Non sei quen me levou onda don Felisindo Alvarez Xesteira que era quen movía a política máis grande no Carballiño. Ileste levoume a Ourense onda o Fabrega que era o presidente da Deputación de Ourense, pra recomendárenme no servizo e deixáronme en servizos auxiliares... Parada levaba un marchamo de mais cultura, de xente máis culta e con máis preocupación social... Emigraban, aprendían e copiaban doutras nacións. Volvían con ideas novas... Xeralmente dedicábanse á agricultura pero logo, no tempo de inverno, os homes saían de canteiros pra Zamora, Sanabria e Castilla, iban traballar facendo obras e casas... Eran canteiros, pero tamén eran labregos e veciños que formaban o núcleo das sociedades e traían novas ideas que copiaban e acoplaban cada un á súa política... Os que eran máis ricos tíñanse por caciques e querían mandar iles. Había dúas tendencias: unha a dos caciques e outra a dos socios... Un deles era o tío Amando, que apoiaba ós Cristobos... O outro chamábanlle "o ferreiro", era da tendencia dos socios... Facían propaganda política, cando estaba o partido deles fastidiaban cos consumos ós contrarios. Botábanlles máis cantidade ós que eran do bando contrario porque o reparto facían os que mandaban e cando protestaban e non querían pagar, viña a Garda Civil pra protexer ó recaudador porque si non pagaban embargábanlle... Os da sociedade agraria tirábanlle os muros das fincas e facíanlle traicións pra facerlle a vida imposible... Logo foi presidente da sociedade un tal Camilo Hermida, era labrador pero emigrara (non sei si saíra á Arxentina)... Máis tarde foi un tal Severino Fernández Fuentes cando o Felisindo Álvarez Xesteira era o xefe no Carballiño... Tiña eiquí unha taberna e fora a Bós Aires traballando elí de empregado... Ise Basilio Taboada reorganizou co Severino a sociedade que refixeran por segunda vez sobre o fermento que deixara o José de Gabián... Era canteiro, non emigrou máis ca por tempadas a Castela e logo traballou nas obras do ferrocarril", (pp. 1–4 da transcripción fonética da memoria de vida de Ramón Albitos Martínez, nacido o 29 de abril de 1910).

3.– A percepción dos líderes agrarios e das súas accións de protesta na comarca do Ribeiro:

"Os mitíns dábanos eí desde un balcón. Falaba un que era cura, ¡Ah, Basilio Álvarez!... Decía o de todos: negarse a pagar as rentas e o consumo que era imposto municipal que se facía por reparto e o que caise mal estaba jodido... ¡Porque facían un reparto injusto, coño!. Eí en Ribadavia dunha vez que era unha manifestación grandísima caquelas varas de aguillada que eran unhos paus largos, decía un dos gallitos que sempre hai dous ou tres que son os armadanzas: "¡E dos consumos moito temos que falar, si os quitaran xa era o tal!. ¡Porque libres deles habemos de quedar e arriba as varas do gando!"... Levaban as varas do gando por si había que mallar... Unha vez que non me acordo que pasou, fixéronlle un embargo a un de Ventosela que se chamaba Juan García Míguez que daquela era o presidente da Sociedad Agraria... Sei que lle embargaron e nombraron depositario a un fulano que era o cuñado del. ¡E xa non se sacou nada da casa que xa quedou depositado todo na mesma casa. Pero recórdome que prenderan a

catro ou a seis dos cabecillas da Sociedad e á noite, mulleres, rapaces e homes marcharon pralá e plantáronse diante da casa do xuez. O xuez era andaluz e a súa muller colleu tanto medo que lle dixo: "¡Vete a soltarlos automáticamente! ¡Vete a soltarlos!". Porque os da sociedad ameazaban con que iban voar a casa e xa viñeron con nosco aquela noite para a casa... Ise tal Juan García Míguez foi o que trouxo ó Basilio... Emigrou él e dous ou tres fillos, foron a Cuba poñer un almacén de viños, pero resulta que fracasou, porque o viño no mar baixa moito... Antonio Buján era peor ca Don Andrés. Foi morrer ó hospital e a nai tamén morreu de fame no hospital. Era un mangante xa desde novo... O pai era deiquí tamén, don Gumersindo Buján que cando casou xa daquela déronlle a ela medio millón de dote e o pai él dotóuno con outro medio millón de pts. Era un bó principio para ter un bó fin e non fixo nada. E foron morrer ó hospital a nai llel... Gastóuno todo, queimou todo él. Eu a esa xente xa non lle facía moito caso porque eran xente depravada... Era o demo aquí cura, Basilio Álvarez diu eiquí moitos mítines, incluso o fixeran presidente honorario da Sociedad Agraria. (Pero era un comunista dos collóns!... Os curas deiquí decían que eso non quedaba ben nun sacerdote, que se puxese nun balcón axitando os brazos e criticando ós das rentas... Unha vez enterouse a Sociedad Agraria de que había en Barbantes un vagón de viño matute e fomos alá. Íbamos cincuenta e tres rapaces... Xa os da agraria romperan os bocois. ¡Oes, iba unha cuneta chea de viño!. Porque rompéronse todos os bocois, que eso e bebemos elí de fuciños na cuneta. ¡Eso xa era unha boa diversión!". (Extraído da memoria de vida de Ricardo Gómez Freire, de Sampaio de Ventosela, Ribadavia, entrevistado en xaneiro de 1996 por Santiago Míguez Amil e polo autor para o Arquivo Oral do M.E.R).

Bibliografía

- ACEVES, J. E. 1994: "Prácticas y estilos de investigación en la historia oral contemporánea", *Historia y Fuente Oral*, 12, pp. 143-150.
- ARCAS CUBERO, F. 1996: "La imagen antes de la fotografía: grabado, pintura y caricatura de prensa en el siglo XIX", en Díaz Barrado, ed., *Imagen e Historia*, Ayer, 24, pp. 25-39.
- ARÓSTEGUI, J. 1994: "Violencia, Sociedad y Política: la definición de la violencia", en J. Aróstegui, ed., *Violencia y Política en España*, Ayer, 13, pp. 17-55.
- 1995, *La investigación histórica. Teoría y método*, Crítica, Barcelona.
- 1996, "La especificación de lo genérico. La violencia política en perspectiva histórica", *Sistema*, 132-133, pp. 9-39.
- BAYONA FERNÁNDEZ, G. 1995: "Nuevos planteamientos metodológicos de utilización de la fuente oral en Historia contemporánea", en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant, pp. 109-116.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. 1996: "Historiografía de la historia local gallega", in Aguirreazkuenaga & Urquijo, eds., *Perspectivas de Historia local: Galicia y Portugal*, Bilbao, pp. 51-71.
- BECKER, J. J. 1987: "Le handicap de l'«a posteriori»", *Les Cahiers de L'IHTP*, 4, París, juin-1987, pp. 95-97.
- BERG, M. 1990: La entrevista como método de producción de conocimientos", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 5-10.
- BERNALDO DE QUIRÓS, C. e RIVERA PASTOR, F. 1923: *El Problema de los Foros en el Noroeste de España*. IRS, Madrid.

- BERNARDEZ SOBREIRA, A., CABO VILLAVERDE, M., e ROMAN LAGO, I. 1997: "Mercado urbano y transformación social del campesinado: Galicia 1923-1936", comunicación ás *Jornades sobre Sistemas agraris, organizació social i poder local als Països Catalans (Solidaritats Pageses, Sindicalisme i Cooperativisme)*, Alguaire (Lleida), no prelo.
- e CABO VILLAVERDE, M. 1997: "Asociacionismo campesino e poder local na II República: unha análise microhistórica", en L. Fernández Prieto et alii, coords., *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, edición do Parlamento de Galicia-USC, Santiago de Compostela, pp. 327-352.
- BORRAS, J. M. 1990: *Historia, Fuente y Archivo Oral*, Madrid.
- BOURDIEU, P. 1986: "L'illusion biographique", *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 62-63, París, juin-1986, pp. 69-72.
- BUENO, M^a. L. 1995: "Reflexiones en torno a la historia de las mujeres, ¿una historia coyuntural?", in C. Barros, ed., *A Historia a debate*, vol. II: el retorno del sujeto, Santiago de Compostela, pp. 285-297.
- CABO VILLAVERDE, M. 1997: "A fonte oral na recuperacion historiografica dos movementos sociais: o agrarismo", ponencia convidada ó Simposium *Os Galaicos e as Fontes de Tradición Oral*, Allariz, outubro de 1997.
- 1998: *O agrarismo*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- CAGIAO VILA, P. 1997: *Muller e emigración*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- CARDESÍN DÍAZ, R. M^a. 1992: *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega: siglos XVIII-XX. Muerte de unos, vida de otros*, S.G.T. do MAPA, Madrid.
- 1995: "Campesinado, mercado y Estado. La estructura social de la Galicia rural en el siglo XIX", *Annales. Histoire. Sciences Sociales*, París.
- CASANOVA, J. 1996: "La sociología histórica en España", *Historia, Antropología y Fuentes Orales*, 16, pp. 61-73.
- CASO, A. 1997: "Negar la Historia", *El Semanal*, 7 de setembro de 1997.
- CASTELLS ARTECHE, L., ed. 1995: *La historia de la vida cotidiana*, Ayer, 19, Marcial Pons-A.H.C., Madrid.
- CASTRO PÉREZ, F. 1997: *Entre a tradición e a modernización. O agrarismo na terra de Celanova*, traballo de curso, pr.ms.
- CATANI, M. 1990: "Algunas precisiones sobre el enfoque biográfico oral", *Historia y Fuente Oral*, 3, pp. 151-164.
- 1993: "Memoria y biografía. "Si lo contásemos no nos creerían". La lección del método de Primo Levi", *Historia y Fuente Oral*, 9, pp. 137-162.
- CAUNCE, S. 1994: *Oral History and the Local Historian*, Longman Group, Londres.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L. 1992: *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Vigo.
- DOMÍNGUEZ MARTÍN, R. 1996: *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el Norte de España, 1750-1880*, Santander.
- DUNAWAY, D. K. 1990: "La grabación de campo en la Historia oral", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 63-78.
- EK, S.B., 1996: "Narraciones y realidad", *Historia, Antropología y Fuente Oral*, 16, pp. 75-85.
- ENZENSBERGER, H.M. 1987: *O curto verao da anarquía*, Sao Paulo, Cía das Letras.
- FERNÁNDEZ BENÍTEZ, V. 1993: "Los lugares comunes en la memoria colectiva", en J.M. Trujillano Sánchez, ed., *Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Actas das III Jornadas de Historia y Fuente Oral, Ávila, 1993, pp. 71-83.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. 1992: "A caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ó Capitalismo", *A trabe de Ouro*, 10, pp. 207-218.
- 1992b: *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Vigo.
- e GIRÁLDEZ RIVERO, X. 1991: "Galicia en el primer tercio del siglo XX: transformaciones agrarias e industriales", en R. Villares, ed., *Historia de Galicia, La época contemporánea*, vol. 4, Vigo, pp. 837-856.
- FOLGUERA, P. 1994: *Como se hace historia oral*, Eudema, Madrid.

- GALLEGO, D. 1993: "Pautas regionales de cambio técnico en el sector agrario español (1900-1930), *Cuadernos Aragoneses de Economía*, pp. 241-276.
- GOFF, J. le, 1980: "Las mentalidades. Una historia ambigua" in J. Le Goff e P. Nora, dirs., *Hacer la Historia*, vol. 3, pp. 81-98, Laia, Barcelona.
- GRACIA CÁRCAMO, é. 1995: "Microsociología e historia de lo cotidiano" in L. Castells, ed., *La Historia de la vida cotidiana*. Ayer, 19, Madrid.
- HALBWACHS, M. 1968: *La Memoire Collective*, P.U.F., Paris.
- HAMMER, D. e WILDAVSKY, A. 1994: "La entrevista semiestructurada de final abierto. Aproximación a una guía operativa", *Historia y Fuente Oral*, 4, pp. 23-61.
- HERVÉS SAYAR, H. et alii, 1997: "Resistencia y organización. La conflictividad rural en Galicia desde la crisis del Antiguo Régimen al franquismo", *Noticiario de Historia Agraria*, 13, pp. 161-191.
- JOUTARD, Ph. 1984: "El tratamiento del documento oral", *Debats*, 10, pp.72-87.
- 1986: *Esas voces que nos llegan del pasado*, F.C.E., México.
- 1995: "L'Histoire Orale: bilan d'un quart de siècle de réflexion méthodologique et de travaux", ponencia presentada no XVIII *Congres International des Sciences Historiques* (Montreal, 1995), recollida en Amado & Ferreira, orgs., *Usos e abusos da Historia Oral*, Rio de Janeiro, pp. 43-62.
- JARDÓN PEDRAS, X.X., e SOUTELO VÁZQUEZ, R. 1997: "Campesinas conscientes. Una reflexión metodológica sobre la identidad y la vida cotidiana de la mujer en el medio rural: Galicia, 1880-1970", en J.M. Santacreu, coord., *II Jornadas Internacionales sobre Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Editorial Club Universitario, Alicante, pp. 175-196.
- JUANA, J. de. 1993: "La Historia regional y local" in é. De Juana e X. Castro, eds., *Novas fontes, renovadas historias*. VII Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, pp. 11-23;
- LEVI, G. 1989: "Usos da Bigrafía" in Amado & Ferreira, orgs., *Usos e abusos da Historia Oral*, pp. 167-182, (traducción de "Les usages de la biographie", *Annales*, 1325-1326, París, nov/dec.-1989).
- MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, L. 1995: "Unha aproximación á problemática da historia local en Ourense", en J. De Juana e X. Castro, eds., *Aspectos históricos de Ourense*, anexo VIII Xornadas de Historia de Galicia, pp. 5-11.
- MIKKA, I. 1988: "Wat on Earth is Oral History?," in J. K. Elliot, ed, *New Trails in History*, Australian Press, Sidney, pp. 124-136.
- MONIOT, H. 1978: "La historia de los pueblos sin historia" in J. Le Goff & P. Nora, dirs., *Hacer la Historia*, vol. 1, pp. 117-134, Laia, Barcelona.
- MORADIELLOS, E 1993: "Últimas corrientes en Historia", *Historia Social*, 16, pp. 97-113.
- NASH, M. 1991: "Dos décadas de historia de las mujeres en España. una reconsideración", *Historia Social*, 9, pp. 137-161.
- NORA, P. 1988: "Memoria colectiva" in í. Chartier, é. Le Goff et alii, *La nueva Historia*, Bilbao, p. 455-458.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. 1993: "La Falange en los años treinta. El fascismo en Galicia. El caso de Ourense, (1931-1936)", *Historia y Fuente Oral*, 10, pp. 143-174.
- PASTOR ALFONSO, M^a. J. 1995: "Una Historia no académica", en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant , pp. 31-37.
- PEDRO, J. M. e RAMOS FLORES, M. B. 1995: "Historia, experiencia, narrativa", *Revista Catarinense de Historia*, 3, Brasil, pp. 29-34.
- PÉREZ GARCÍA, J.M. 1996: "Idade Moderna", en AA.VV., *Nova Historia de Galicia*, A Coruña, pp. 237-352.
- PORTELLI, A. 1989: "Historia y memoria: La muerte de Luigi Trastulli", *Historia y Fuente Oral*, 1, pp. 5-32.
- (1993), "Violencia, imaginación y memoria en un episodio de la guerra partisana", in J. M. Trujillano, ed., *Memoria y Sociedad en la España Contemporánea*, III Jornadas "Historia y fuentes orales", Fundación Cultural Santa Teresa, Avila, .pp. 39-49.
- PRADA RODRÍGUEZ, X. 1993: "Seixalbo", en M. Wouters, ed., *1936, os primeiros días. Historia oral de Vigo, betanzos, A Guarda, Ribeira, Seixalbo e Ourense*, Vigo, pp. 111-130.
- e SOUTELO VÁZQUEZ, R. 1996: "As estratexias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación", en A.G.H., ed., *Historia Nova V*. Actas do V Congreso de Xoves Historiadores de Galicia, Santiago de Compostela, dec.-1996.

- e SOUTELO VÁZQUEZ 1997: “Los guías conscientes de una Arcadia perdida: la representación nacionalista de la Galicia campesina, 1908–1931”, comunicación presentada ás *Segones Jornades sobre Sistemes agraris, organització social i poder local als Països Catalàns*, Lleida.
- RAMÍREZ, J. A. 1981: *Medios de masas e historia del arte*, Madrid.
- RIEGO, B. 1996: “La historiografía española y los debates sobre la fotografía como fuente histórica”, en Díaz Barrado, ed., *Imagen e Historia*, Ayer, 24, pp. 91–111.
- RIESGO, S. 1997: *Transformaciones en la propiedad de la tierra y funcionamiento de una sociedad rural. Carballo, 1880–1936*, Memoria de Licenciatura inédita, USC.
- ROGER, W. 1986: “Notes on Oral History”, *International Journal of Oral History*, 7 (I), pp. 23–28.
- ROMAN LAGO, I. 1997: *Estructura social e asociacionismo labrego. Un primeiro achegamento ó campesiñado a tempo parcial. Lavadores 1923–1931*, Memoria de Licenciatura inédita, USC.
- ROSENTHAL, G. 1991: “La estructura y la “gestalt” de las autobiografías y sus consecuencias metodológicas”, *Historia y Fuente Oral*, 5, pp. 105–110.
- ROUSSO, H. 1996: “A memória nao e mais o que era”, in J. Amado e M. de M. Ferreira, eds., *Usos & Abusos da Historia Oral*, Fundação Getulio Vargas, Rio de Janeiro, pp. 93–101.
- SAAVEDRA, P. 1994: *La vida cotidiana en el Antiguo Régimen*, Crítica, Barcelona.
- 1995: “La vida cotidiana en la periferia de la civilización: los campesinos de Galicia en los ss. XVII–XIX” in L. Castells, ed., *La historia de la vida cotidiana...*, pp. 101–133.
- SAMUEL, J. 1981: *Historia popular y teoría socialista*, Crítica, Barcelona.
- SEGURA, C. 1995: “Algunas cuestiones a debatir sobre la historia de las mujeres”, en C. Barros, ed., *A Historia a debate*, Santiago de Compostela, pp. 299–304.
- SERRANO, C. 1996: “Historia cultural: un género en perspectiva”, *Historia Social*, 26, pp. 97–111.
- SOUSA ANDRADE, A. M. M. de. 1990: *Sob o signo da imagem: a produção fotográfica e o controle dos códigos de representação social da classe dominante do Rio de Janeiro na primeira metade do século XX*. Tese de Doutorado defendida na U.F.F. de Rio de Janeiro, pr. ms.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R. 1995: “Construyendo la Etnohistoria del mundo rural ourensano. El complejo agro-industrial tradicional de A Ponte Mandrás como estrategia integrada en la economía doméstica del campesinado ourensano: 1880–1970”, en J.M. Santacreu Soler, coord., *Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*, Alacant, pp. 89–98.
- e VARELA SABAS, A. 1995: “As estratexias defensivas do campesiñado galego ante a represión política do agrarismo, 1936–1946”, en A.G.H., ed., *Historia Nova III. Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, pp. 271–291.
- TERREN LALANA, E. 1997, “Condiciones de trabajo en la industria rural en la postguerra”, en J.M. Trujillano e J.M^a. Gago, eds. *Historia y Memoria del Franquismo. Actas IV Jornadas de H^a y Fuentes Orales*, Avila, pp. 131–145.
- THOMAS, K. 1989: “Historia y Antropología”, *Historia Social*, 3, pp. 62–80.
- THOMPSON, E.P. 1989: “Folklore, Antropología e Historia Social”, *Historia Social*, 3, pp. 81–102.
- THOMPSON, P. 1978: *La voz del pasado. Historia oral*, Eds. Alfons el Magnánim, Valencia.
- VAQUINHAS, I. 1992: “Alguns aspectos da violencia rural nas comarcas de Coimbra, Montemor-o-Velho e Penacova de 1858 a 1918”, *Ler História*, 23, pp. 23–59.
- VEIGA ALONSO, X. J. 1996, “Individuo, sociedade e historia. Reflexiones sobre el retorno de la biografía”, *Studia Histórica*, Serie H^a. Contemporánea, 13–14, pp. 131–147.
- 1997: “Parentes, amigos e favores. As redes informais dos caciquismo”, en L. Fernández Prieto et alii, coords., *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874–1936)*, edición do Parlamento de Galicia–USC, Santiago de Compostela, pp. 353–371.
- VILLARES PAZ, R. 1992: *Foros, frades e fidalgos. Estudos de Historia social de Galicia*, Vigo.
- VOVELLE, M. 1992: “Histoire sérielle ou case studies: vrai ou faux dilemme en Histoire des mentalités”, *Idelogies et mentalités*, París, Folio–Histoire.